

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION ORDINARIA 1 DE XULLO DE 2013

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove e oito minutos do día un de xullo do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación

legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(102).- ACTAS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE ABRIL DE 2013.

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do día 29 de abril de 2013.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1 (103).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO EN DEFENSA DO SECTOR NAVAL GALEGO. EXPTE. 660/1101.

ANTECEDENTES.- No transcurso do Pleno por consenso dos tres grupos políticos municipais, acordan a inclusión dunha Declaración Institucional en defensa do sector Naval Galego, co texto que se transcribe deseguido.

Instar ao Comisario europeo Joaquín Almunia a rectificar as súas declaracións e garantir que o naval galego non se verá afectado por unha decisión claramente perxudicial para o seu futuro.

Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do estado a continuar a súa presión en Bruxelas para evitar calquera decisión que poida supor a desaparición deste sector estratéxico para o noso país.

Instar ao concello de Vigo a exercer a presión necesaria para impedir que os comisarios europeos adopten calquera decisión contraria aos intereses xerais do naval vigués

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.(104).DAR CONTA DO ACORDO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO AO ACORDO REGULADOR DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4699/12 (REXISTRO PLENO 681/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xuño de 2013, o Consello de Administración do organismo autónomo municipal Parques das Ciencias Vigo-Zoo, en sesión extraordinaria, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a adhesión do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo ao Regulamento Reitor do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión de data 28 de xaneiro do 2013, e as bases da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de abril do 2013.

2º.- A adhesión suporá a adecuación do texto dese Regulamento e as bases reitoras á realidade administrativa do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, de acordo cos seguintes aspectos:

a) As referencias ao “Concello de Vigo”, entenderanse substituídas por “Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo”.

b) En relación á estrutura organizativa e laboral, a composición da Comisión xestora do Fondo de Acción Social do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo, deberá ser adecuada a súa estrutura, do que se desprende que o órgano competente para a xestión do persoal de Vigo-Zoo, será a Presidenta do Consello de Administración deste Organismo Autónomo, e os asesores da Comisión serán os adecuados a propia estrutura técnica do Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

c) O Fondo de Acción Social (FAS) constitúese coas dotacións orzamentarias previstas nos correspondentes orzamentos do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias Vigo-Zoo para cada exercicio económico, nos termos e condicións e cos límites e contías establecidas no artigo 30 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo 1999-2002, e modificado polo acordo plenario do Concello de Vigo de data 28

de xaneiro do 2013, polo cal o desenvolvemento no Parque das Ciencias Vigo-Zoo, en relación coa súa contía terá unha aplicación proporcional.

3º.- Deste acordo deberá darse conta ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que celebre.

4º.- Tamén publicarase este acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal (www.vigo.org)”.

Con data 17.06.2013, a Comisión Informativa de Xestión Municipal queda enterada de dito acordo.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.2.(105).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO DE FOMENTO AS ATRIBUCIÓNS PRECISAS PARA A DIRECCIÓN, XESTIÓN, ETC. DO EXPTE. “URBANIZACIÓN ENTORNO POLIDEPORTIVO CAMPO DE FÚTBOL DE NAVIA”. REXISTRO PLENO 669/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 31 de maio de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“Por Resolución desta Alcaldía de data 13 de xuño de 2011 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada a área de Fomento, atribuíndose ao seu titular a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento

das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVE

Primeiro.- Delegar na Concellería da Área de Fomento, sendo o Concelleiro delegado da mesma D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos seguintes asuntos:

DEPORTES

ADECUACIÓN DE PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA

34106190000 URBANIZACIÓN ENTORNO POLIDEPORTIVO CAMPO FÚTBOL DE NAVIA

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicará na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

Con data 17.06.2013, a Comisión Informativa de Fomento queda enterada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.3.(106).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO VIGO (CEMV) NO CONCELEIRO D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ. REXISTRO PLENO 670/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 7 de xuño de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“De conformidade co sinalado no artigo 43.5a), do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidencia

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar no concelleiro-delegado da Área de Educación deste Concello, don SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, as atribucións precisas para a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase na rede de Intranet do Concello ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

Terceiro.- Da presente resolución deberá darse conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que realice, ao Consello Escolar Municipal e aos demais interesados.”

Con data 17.06.2013, a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación queda enterada de dita Resolución.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

3.4.(107).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ COMO VOCAL REPRESENTANTE DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA NA XUNTA REITORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO. REXISTRO PLENO 673/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de xuño de 2013, a Alcaldía propón ó Pleno da Corporación o seguinte:

“Con data 23 de maio de 2013, esta Alcaldía-Presidencia ditou Resolución

encomendándolle ao concelleiro e membro da Xunta de Goberno Local, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, a dirección da Área de Educación deste Concello e así mesmo a Presidencia do “Organismo Autónomo Municipal da Escola de Artes e Oficios”, dirixindo e xestionando, de acordo cos Estatutos, os servizos e actividades que este presta e realiza.

Vista polo tanto a necesidade de nomear novo vocal corporativo na Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) en substitución de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz (acordo plenario do 08 de xullo do 2011) e, de conformidade co escrito do voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 10-06-2013; de acordo co artigo 8.- dos Estatutos do Organismo autónomo “Escola Municipal de Artes e Oficios” de Vigo (EMAO),

Someto á consideración do Concello-Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Nomear a D. José Manuel Fernández Pérez como vocal representante do Grupo político municipal do PSdeG-PSOE na Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo, en substitución de D. Santos Héctor Rodríguez Díaz.

Segundo.- Comunicar o presente acordo aos concelleiros afectados, aos voceiros dos distintos grupos políticos municipais e ao secretario da Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo para coñecemento e efectos.”

Con data 17.06.2013, a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación ditaminou favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE: Aprobar a proposta da Alcaldía nomeando a D. José Manuel Fernández Pérez como vocal representante da EMAO, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

3.5.(108).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA REMODELACIÓN DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 5466/551(REXISTRO PLENO 678/1101)

ANTECEDENTES.- Por resolución de data 12 xuño o Alcalde-Presidente resolveu a incoación do expediente de modificación orzamentaria por Suplemento de Crédito para a finalidade do proxecto de reforma do Mercado do Progreso.

Con data 12 do mesmo mes a concelleira delegada de Economía e Facenda formula o seguinte informe-proposta:

“En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de 12 de xuño de 2013, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº 36/13, que está conformado da seguinte documentación xustificativa: Resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaplazabilidade do gasto, de conformidade coa memoria xustificativa achegada, en relación ás obras a realizar no Mercado do Progreso.

Recurso financeiro da modificación de créditos

A Modificación Orzamentaria financiarase con cargo á baixa de crédito dunha aplicación orzamentaria, correspondente ao Capítulo VI, en concreto, da aplicación 4310,6320000 "Remodelación Mercado do Berbés", como consecuencia do Acordo da XGL na sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 12 de xuño de 2013.

O importe ao que ascende o referido reaxuste de anualidades é de 668.946,91 euros, importe este que se utiliza na súa totalidade para financia-la presente modificación, suplementándose a aplicación 4310,6320001 "Reforma Mercado Progreso".

Á vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art. 123.h da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto legislativo 272004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte Acordo:"

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que

se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 13 de xuño, o interventor xeral do Concello informa do que segue:

“Incoado por Resolución da Alcaldía de data 12 de xuño do ano en curso, tivo entrada, coa mesma data nesta Intervención Xeral, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 36/2013, que se financia con cargo a unha parte do crédito orzamentario correspondiente á aplicación 4310,6320000 “Remodelación do Mercado do Berbés”, e presentada a proposta de modificación acompañada da Memoria xustificativa que se inclúe na propia Resolución de incoación, o funcionario que subscribe, en cumprimento do previsto polo artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigo 37.3 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril e artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

I.- Lexislación aplicable.

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 1174/87, de 18 de setembro, de Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RXLEP

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

Bases de Execución do Orzamento.

O expediente de modificación orzamentaria que se tramita, contén un suplemento de crédito por un importe de 668.946,91 euros. Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio posterior, sendo o crédito previsto insuficiente e non susceptible de ampliación.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL) e artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP), así como na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente.

O importe correspondente á aplicación 4310.6320000 “Remodelación Mercado do Berbés” que se propón para financiar a presente modificación, é susceptible de utilización, como consecuencia do Acordo da Xunta de Goberno Local, da sesión extraordinaria e urxente do día 12 de xuño de 2013, no que se aprobou o reaxuste de anualidade da referida aplicación, propoñéndose un importe a reaxustar para a anualidade de 2014 de 668.946,91 euros, importe éste que, en consecuencia, é o que financia a presente modificación.

II.- Descrición da modificación de crédito proposta.

A normativa que se vén citando, esixe unha serie de requisitos que deben reunir os gastos para os cales proxéctase este tipo de modificación de créditos, requisitos, por outra banda, que son comúns tanto para os suplementos como para os créditos de carácter extraordinario.

En síntese, tales requisitos concréntanse en que os gastos haberán de ter carácter específico e determinado, non podéndose demorarse para o exercicio seguinte.

Así mesmo, debe cumprirse a premisa da non existencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado á finalidade específica á que se orienta o gasto a realizar no nivel establecido na vinculación xurídica, para o caso das dotacións de créditos extraordinarios; ou para o suposto de suplementos, a constatación de que é insuficiente o saldo de crédito non comprometido na aplicación correspondente do estado de gastos do orzamento a que se debe imputar o gasto proposto, e iso no nivel establecido na bolsa de vinculación xurídica dos créditos aprobada polo Pleno da Corporación, non podendo ser obxecto de ampliación.

III.- Recurso financeiro utilizado.

O recurso financeiro que se propón para o financiamento desta modificación de crédito é consecuencia do Acordo da Xunta de Goberno Local, da sesión extraordinaria e urxente do día 12 de xuño de 2013, no que se aprobou o reaxuste de anualidade da aplicación correspondente á Remodelación do Mercado do Berbés, propoñéndose un importe a minorar nesta anualidade de 668.946,91 euros, traspasándose dito importe para a anualidade de 2014, importe este que, en consecuencia, é o que financia a presente modificación.

Recurso financeiro este que admite o apartado 4 do artigo 177 do TRLRFL e o artigo 36.1.c) do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, para financiar os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O importe que se dá de baixa da aplicación 4310.6320000 e que se utiliza para a financiación da presente modificación orzamentaria, mediante un suplemento na aplicación 4310.6320001, é consecuencia do informe emitido polo servizo xestor, no senso en que o "...actual ritmo de execución, non se pode considerar realista a execución de obra prevista para as anualidades 2012 e 2013, propoñéndose, por tal motivo, que os importes económicos de cada anualidade sexan os seguintes...", dando orixe, por tanto, ao reaxuste das anualidades que foron aprobados mediante o Acordo da XGL na sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado día 12 do presente mes, procedéndose, así, a minorar-lo importe de 668.946,91 euros, converténdose, en consecuencia, no recurso que financia a presente modificación.

O cumprimento da Regra de gasto que está a establecer o artigo 12 da LOSOSF, limita a que o orzamento, tanto na súa aprobación como na súa liquidación, debe estar en función da Liquidación do ano anterior multiplicada por unha porcentaxe. Tendo en conta o Orzamento aprobado definitivamente o 30 de xaneiro de 2013 e a modificación orzamentaria 12/2013, así como que a presente modificación orzamentaria non supón variación algunha en termos cuantitativos orzamentarios, (xa que causa baixa un importe en inversións sendo este o que se utiliza para complementar a aplicación), estase a garantir o cumprimento da Regra

de Gasto.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de créditos proposta e o dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 165.4 do TRLRFL e 16.2 do RP.

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Aplicación	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
4310,632000	850.000,00	668.946,91	181.053,09	4310,632001	523.136,43	668.946,91	1.192.083,34
Total		668.946,91		Total		668.946,91	

IV.-Cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria.

En canto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria nos termos do previsto no art. 11 da Lei Órgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e art. 4 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, o apartado 4 do artigo 11 da LOEOSF, establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A instrumentación deste principio, deberá estar na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos.

A análise da incidencia que produce o expediente que se está a informar sobre os orzamentos municipais pola aplicación da Lei Orgánica 2/2012 e do RXLEP sobre o equilibrio ou superávit, entendéndose por situación de equilibrio ou superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando os Recursos financeiros son iguais ou maiores cos Empregos de igual cualificación (\sum capítulos I a VII ingresos - \sum capítulos I a VII gastos) ≥ 0 , cos axustes preceptivos .

En igual sentido, o Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais, no seu artigo 4 dispón que o grupo de entidades locais coa regulación que lle está a dar, aprobarán, executarán e liquidarán os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria. O obxectivo de estabilidade ten que se estar a cumprir de xeito continuo.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012 e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obriga de aprobación polo Pleno da Corporación, dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo de un ano, cos prazos de presentación, aprobación e implementación que regula o artigo 23.1 da Lei. En igual sentido, o artigo 19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, establece os requirimentos e prazos, aínda que neste último artigo, está a establecer un prazo de tres meses para a aprobación do PEF, polo que será de aplicación o previsto no artigo 23.1 da Lei Orgánica 2/2012.

Como xa sinalamos anteriormente, o recurso que financia a modificación orzamentaria que se informa, é a baixa dun crédito dunha aplicación orzamentaria correspondente ao Capítulo VI, e imputándose, igualmente, a outra aplicación orzamentaria do capítulo VI, polo que, non hai alteración (desequilibrio) de recursos nin empregos financeiros..

É dicir, a modificación orzamentaria proxectada non provoca un desequilibrio en termos de Estabilidade Orzamentaria, dando así cumprimento ao previsto no artigo 11 da LOEOSF, non sendo necesario a tramitación dun Plan Económico Financeiro.

V.- Cumprimento da Regra e Teito de Gasto

En canto ao cumprimento da Regra e o Teito de gasto que regula o artigo 12 da LOEOSF, e o desenvolvemento da Orde do MINHAP 2105/2012, de 1 de outubro, así como a segunda edición da guía para o cálculo da Regra de Gasto, para a determinación das obrigas máximas para o ano 2013, deberase ter en conta a seguinte información:

Gasto computable axustado da Liquidación do orzamento do ano 2012:
207.030.230,08 euros.

Gasto computable axustado, orzamento aprobado para o ano 2013:
212.122.988,30 euros.

Polo tanto, gasto máximo computable, unha vez feitos os axustes, será:

Gasto computable axustado Liquidación 2013 = Gasto computable Liquidación 2012 * 1,017

$207.030.230,08 \times 1,017 = 210.549.744,1$ euros.

Para o cálculo, terase en conta a 2ª edición da Guía para a determinación da regra de gasto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

$TV \text{ Gasto computable} = ((\text{Gasto computable ano } n / \text{Gasto computable } n-1) - 1) \times 100$

A modificación que se está a tramitar, non supón alteración algunha xa que o recurso que financia este suplemento de crédito é unha baixa nunha aplicación do capítulo VI e aplícase, igualmente, ao Capítulo VI, polo que non se produce alteración cuantitativa algunha.

En resumo, o expediente cumpre co previsto no artigo 12 da LOEOSF

VI.- substentabilidade financeira.

En cumprimento do previsto no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade financeira, enténdose por tal, a capacidade para financiar os compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites do déficit e da débeda. Así mesmo, o artigo 7 do mesmo corpo legal, establece que os actos administrativos, os contratos e os convenios, deberán avaliar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira. Na mesma liña, o artigo 12, supedita o gasto ao cumprimento da regra e do teito de gasto, que non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

A memoria e Resolución da Alcaldía de data 12 de xuño de 2013, en

cumprimento do previsto na Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente, está a facer unha valoración en canto á utilización do saldo sobranse existente na partida 4310.6320000 tra-lo Acordo da XGL de 12/06/2013, para suplementar a partida 4310,6320001 “Reforma do Mercado do Progreso” pola mesma contía.

En canto ao gasto de financiamento e mantemento deste inmoible, non vai ter incidencia orzamentaria nin financeira, xa que o réxime de xestión previsto é o indirecto.

En resumo, o expediente cumpre co principio de substentabilidade financeira prevista no artigo 4 da LOEOSF, substanciada no feito de que non supón alteración cuantitativa algunha.

VII.-Tramitación e aprobación do expediente.

Ao amparo do previsto nos artigos 177.2 do TRLRFL e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación aos expedientes de Suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e o réxime de recursos na xurisdición contencioso-administrativo aplicables aos Orzamentos, é dicir:

- ✓ Proposta coa Memoria xustificativa do Presidente.
- ✓ Informe preceptivo do Interventor.
- ✓ Ditame da Comisión Informativa competente en materia de Facenda, preceptivo a teor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

- ✓ Aprobación provisional polo Pleno da Corporación.
- ✓ Non se require quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos, será aplicable o réxime xeral da maioría simple de votos a favor (Artigo 47 da Lei 7/1985).

- ✓ Exposición ao público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante devandito prazo ante o Pleno.

- ✓ O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

- ✓ O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será inserido no Boletín Oficial da Provincia.

- ✓ Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- ✓ A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

- ✓ Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a

interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do suplemento de crédito.

✓ A modificación entrará en vigor unha vez produciuse a publicación no BOP, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación.

✓ Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario ou suplemento de crédito.

✓ De acordo co previsto no artigo 169.7 TRLRFL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio.

VIII.- Conclusión

Visto o contido do expediente relativo a modificación de créditos nº 36/2013 e a proposta formulada pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda de data 12 de xuño de 2013, esta Intervención Xeral conclúe:

O recurso financeiro proposto como financiamento para a modificación de créditos que é obxecto de informe, axústase ao previsto no artigo 177.4 do TRLRFL e artigo 36.1.c do RD 500/1990, sendo a baixa de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, un dos recursos previstos no ordenamento xurídico citado.

O gasto é concreto e específico, estando xustificada a modificación orzamentaria que é obxecto de informe.

A modificación orzamentaria dá cumprimento ao previsto no artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e substentabilidade Financeira, cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Dáse cumprimento ao previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non supor incremento algún no gasto non financeiro en termos SEC, por conseguinte, sen efectos no cómputo do teito de gasto.

Dáse cumprimento ao principio de substentabilidade financeira, xa que está a mellorar tanto os efectos sobre o Orzamento do ano 2013 como nos futuros orzamentos, por estar a diminuír a carga financeira. Así mesmo, tamén está a mellorar o ciclo orzamentario e financeiro, ao non ter que enfrontarse á devolución dos pasivos nos anos que restaban até a súa amortización total.

O órgano proposto para a aprobación do expediente, de acordo ao previsto no artigo 177.2 do TRLRFL, artigo 38.1 do Real Decreto 500/1990, artigo 123.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, é o competente.

A tramitación administrativa do expediente é axustada a Dereito.

En consecuencia, infórmase favorablemente."

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do día 17 de xuño de 2013, ditaminou favorablemente a proposta formulada pola concelleira delegada de Economía e Facenda.

DEBATE.-

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Gustaríanos que o concelleiro de Industria nos explicara que está ocorrendo co Mercado do Progreso, a que se debe esta modificación orzamentaria.

A obra adxudícase a ALDASA o 30 de decembro do 2010, por un importe de 3.127.464 euros e un prazo de execución de trece meses, en agosto de 2012 autorízase a redacción do proxecto modificado sen incremento do custe económico, tamén se autoriza a ampliación do prazo de execución das obras a nove meses, e o 7 de xuño deste ano aprobase un novo proxecto modificado para rematar a obra cun orzamento de 828.000, un 26% máis do proxecto orixinal. Gustaríanos saber que está ocorrendo, que pode estar pasando para que despois de case tres anos sigamos co Mercado do Progreso coa situación tal e como está, que é isto a obra do Escorial? Isto non fai máis que poñer en evidencia a falta de rigor e de planificación coa que soen actuar e executar as súas decisións. Como pode ser que nós levamos denunciando esta situación dende primeiros de ano e non fixeran nada ao respecto, negar a maior, que é o que acostuman a facer nese sentido.

É curioso, aquí temos un recorte de prensa do Atlántico Diario, “o novo Mercado do Progreso verá a luz dentro dun ano”, isto é de agosto de 2011, isto é credibilidade? Estaban vostedes gobernando. “En agosto de 2012 abrirá as súas portas o Mercado do Progreso”, segundo anunciou onte Sr. Abel Caballero, noutro recorte de prensa “Caballero non da prazos”, isto é de La Voz de Galicia, exactamente en xaneiro deste ano, na cal cualifica que “as obras van como unha moto”, a única moto é a que está vendendo a comerciantes, clientes e é a que se segue vendendo aos vigueses, esa é a única moto que existe nestes momentos.

A reforma do Mercado do Progreso atrásase ata maio do 2013, isto é de setembro de 2011, a modificación do proxecto terá custe cero para o Concello, isto é incorrecto, e gustaríanos que nos explicara tamén que vai ocorrer agora co Mercado do Berbés? Vaise atrasar, a partida orzamentaria que estaba asignada ao Mercado do Berbés que se vai facer agora? Non se vai a executar a obra do Berbés? Vaise atrasar tres, catro anos como é habitual en case todo o que se fai aquí?.

Para darnos unha idea do alcance do que estamos falando, “o Concello subsanará as deficiencias do Mercado do Progreso”, Xornal Vigo, saben de que data é isto? Isto é do 2007, hai seis anos, que facemos entón co Mercado do Berbés? Que lles

dicimos que non se poden executar as obras por unha falta de planificación, anticipación e unha falta de xestión? É iso o que hai que contestarlle aos usuarios, aos comerciantes do Mercado do Berbés? Que lles dicimos aos comerciantes do Mercado do Progreso despois de que catro se tiveran que ausentar dos seus postos cunha perda de 800 clientes ao día?. Así é como dinamizamos a economía da nosa cidade, así é como defendemos ao comerciante? Son as políticas que facemos. Que ocorre? Os orzamentos non son de hai tanto, como non estaba prevista esta modificación orzamentaria previamente? Cando se van acabar as modificacións do Mercado do Progreso, vánnolo dicir hoxe? Febreiro, marzo, abril, maio do 2014? En que datas? Canto máis van ter aguantar os usuarios, clientes e comerciantes do Mercado do Progreso? Canto tempo máis van ter que aguantar estas situacións os comerciantes, en xeral, de Vigo? Necesitamos solucións, respostas.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En primeiro lugar quería matizar as palabras do concelleiro do Partido Popular, Sr. Álvarez Pérez, eu creo que realmente non sabe do que está falando, dígollo sinceramente. Voulle a explicar porque non sabe do que está falando, en primeiro lugar porque as obras empezaron en xullo de 2011, os tempos de execución, de acordo co comezo, finalizaron este ano en maio do 2013, de acordo co proxecto de adxudicación 3.124.000 euros adxudicáronse para un prazo e cumpriuse este ano, non houbo nunca unha interrupción nas obras. Por que estamos pedindo un modificado? Voulle explicar, houbo dous modificados que vostede obviou, un custe cero, vostede non se decata e dixo que si tivo custe, pódeo comprobar cando queira, non sabe por onde anda. Estamos falando dos dous modificados, para ser preciso, cousa que vostede nin é preciso nin é exacto. Segundo punto, si hai algo que se fixo co consenso dos profesionais do Mercado do Progreso, foi este proxecto tanto dende do inicio, na época do meu antecesor, Sr. Domínguez Olveira, un magnífico proxecto por outra banda, coa continuidade das obras, e rétolle a vostede a que todo o que dixo llo diga ao Xerente e aos comerciantes do Mercado do Progreso. A modificación que se trae aquí non é unha modificación por desviación no custe da obra, ao contrario, unicamente nunha partida que foi de melloras que se introduciron na estrutura que estaba peor do que se pensaba inicialmente, e iso supuxo 300.000 euros a maiores. Pero fora diso, toda a modificación que traemos neste Pleno, derívase de modificacións de

melloras substanciais, solicitadas por escrito e avaliadas polos profesionais do Mercado do Progreso. Polo tanto, vostede, primeiro difamou dicindo que se fixeron contra os profesionais e segundo vostede non sabe nin o que di, por iso vai entendendo que non sabe o que di? Porque eu pódolle demostrar os feitos, vostede non, vostede opinións e opinións as xustas.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aproba-la Modificación Orzamentaria nº 36/13, Suplemento de Crédito, por unha contía de 668.946,91 euros, para facer fronte ás obras do Mercado do Progreso.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLRFL, a orixe e aplicación dos fondos que conforman a modificación orzamentaria, é a seguinte:

Recursos, orixes				Empregos, aplicacións			
Aplicación	Antes da mof.	Baixa	Final	Aplicacións	Inicial	Suplemento	Final
4310,6320000	850.000,00	668.946,91	181.053,09	4310,6320001	523.136,43	668.946,91	1.192.083,34
Total		668.946,91		Total		668.946,91	

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideráranse denegadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Aprobada definitivamente a modificación de créditos, procederáse a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

QUINTO.- De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas, así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

SEXTO.- Da concesión do suplemento de crédito definitivamente aprobada, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

SÉTIMO.- Contra a aprobación definitiva da concesión do suplemento de crédito, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por si só a aplicación do suplemento de crédito.

3.6.(109).- PROPOSTA DA ALCALDÍA, DE DATA 21.06.13, REFERENTE AO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE SUPLENTE NO PADROADO DA FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA. REXISTRO PLENO 684/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xuño de 2013, a Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“Na sesión extraordinaria do 8 de xullo de 2011 o Pleno procedeu a designar os representantes do Concello nos distintos órganos colexiados dos que forma parte, entre eles no Padroado da Fundación Museo do Mar de Galicia.

Corresponde ao Alcalde de Vigo a representación do Concello neste Padroado, non obstante razóns de operatividade recomendan que tal representación, nos supostos

de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que impida a asistencia do Alcalde ás reunións de tal órgano, sexa substituído por outro membro da Corporación na súa condición de suplente.

O Pleno do Concello, en data 30.07.2013, nomeou representante suplente do Concello de Vigo no Padroado da Fundación Museo do Mar de Galicia a D^a Isaura Abelairas Rodríguez. Con motivo da modificación do decreto de estruturación das áreas de data 6.02.2013, onde as competencias da área de Cultura lle son delegadas a D. Cayetano Rodríguez Escudero, propónse ao Concello Pleno, de conformidade co sinalado no artigo 123.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Nomear á D. Cayetano Rodríguez Escudero, concelleiro delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas, representante suplente do Concello de Vigo no Padroado da Fundación Museo do Mar de Galicia.

SEGUNDO.-Dar traslado do presente acordo ó interesado e a Secretaría do Padroado.”

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión extraordinaria do 26.06.2013, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación, que a constitúen de dereito e feito,

ACÓRDASE: Aprobar a proposta da Alcaldía nomeando a D. Cayetano Rodríguez Escudero como representante suplente na Fundación Museo do Mar de Galicia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

3.7.(110).- CAMBIO DE DENOMINACIÓN EN BOUZAS, DA “PRAZA DE URZAIZ” POR “PRAZA DA VILA DE BOUZAS”. EXPTE. 14266/331. REXISTRO PLENO 685/1101.

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 25 de xuño de 2013, o xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas Sr. Hermida Fernández, co conforme do xefe do servizo de

Xestión e Promoción Cultural, emite o seguinte informe:

Con data 21 de febreiro de 2013, e tralas consultas mantidas nesta mesma data cos concelleiros designados por cada grupo político municipal, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, en virtude da resolución de competencias de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2013 resolveu que polo servizo de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no ruego do Concello de Vigo das seguintes modificacións:

Cambio da denominación de de “Praza de Urzaiz” en Bouzas polo de “Praza da Vila de Bouzas”.

O expediente iníciase coa solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello con data de 22/05/2013 pola Confraría do Santísimo Cristo dos Afrixidos de Bouzas na que solicitan os seguintes cambios: *que la hoy llamada “Plaza de Urzaiz” recobre su histórico nombre de “Plaza de la Villa de Bouzas”.*

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O servizo de Estatística informa favorablemente o día 29 de maio de 2013 non existindo no ruego outra co nome de “Praza da Vila de Bouzas”.

O servizo de Normalización lingüística tamén informa favorablemente e polo que supón da recuperación do topónimo de Bouzas (terreo sen cultivar cheo de arbustos e mato. Terreo a monte que se cava para cultivalo). Tamén subliña a importancia de de denominar á praza “Praza da Vila de Bouzas” consonte coa lexislación lingüística actual e consoante coa tamén denominación que utiliza a propia confraría “VILA DE BOUZAS Cofradía del Santísimo Cristo de los Afligidos de Bouzas”.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no ruego (topónimos e outras).”

Deseguido o concelleiro delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes na súa sesión extraordinaria do 26.05.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:O cambio da denominación no rueiro da “Praza de Urzaiz” en Bouzas polo de “Praza da Vila de Bouzas”.

3.8.(111).- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA REFERENTE Á ELECCIÓN DE DIVERSAS DENOMINACIÓNS, A PETICIÓN DO “COLECTIVO VIOLETA”, PARA VIAIS QUE POSTERIORMENTE SEXAN IDENTIFICADOS. EXPTE. 14297/331. REXISTRO PLENO 687/1101.

ANTECEDENTES.-Mediante escrito, de data 25 de xuño de 2013, o xefe do servizo de Cultura e Bibliotecas Sr. Hermida Fernández, co conforme do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, emite o seguinte informe:

“Con data 21 de febreiro de 2013, e tralas consultas mantidas nesta mesma data cos concelleiros designados por cada grupo político municipal, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, en virtude da resolución de competencias de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2013 resolveu que polo servizo de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo das seguintes modificacións:

Inclusión no rueiro do Concello de Vigo dos seguintes nomes:

- a.Rúa María Araujo Martinez (María Arauxo)
- a.Rúa Concepción Pérez Iglesias
- b.Rúa María Mariño Carou.
- c.Rúa Enriqueta Otero Blanco

O expediente iníciase coa solicitude do Colectivo Violeta, de data 26 de xaneiro de 2010, en relación á inclusión no rueiro do Concello de Vigo dos nomes indicados e tralo estudo realizado pola devandita entidade sobre a desproporción de nomes do rueiro de homes e mulleres, achegando a tal fin biografías das persoas propostas.

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O servizo de Estatística informa favorablemente o día 25 de xuño de 2013 non existindo no

rueiro os devanditos nomes.

O servizo de Normalización lingüística incorpora informe de data de 25 de xuño de 2013 polo cal considera que “non poderá informar positivamente ningunha denominación que vaia en contra dos principios aprobados polo Pleno de data 25/10/2004”, no senso de que se prioricen ás denominacións da toponimia tradicional da cidade.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).

Deseguido o concelleiro delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes na súa sesión extraordinaria do 26.05.2013, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE: A inclusión no rueiro do Concello de Vigo e pendente de acordo de asignación posterior, dos seguintes nomes:

- Rúa María Araujo Martinez (María Arauxo)
- Rúa Concepción Pérez Iglesias
- Rúa María Mariño Carou.
- Rúa Enriqueta Otero Blanco

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.(112).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO A MELLORA NA REDE FERROVIARIA. EXPTE. 672/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de xuño, número 672/1101, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso rios, formula a seguinte moción:

O ferrocarril é un servizo público básico, sustentábel economicamente, que constitúe un elemento de cohesión e vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e equilibrio demográfico. Como medio de transporte é o elemento central dun sistema nacional de transporte intermodal e complementario, resulta o máis eficiente no que atinxe ao transporte de granel e mercadorías non perecedoiras, respectuoso co medio ambiente, e ademais fonte dun emprego de calidade.

O anuncio de recortes de Renfe Media Distancia, a eliminación da maior parte das estacións e apeadeiros da Galiza, a negativa dun servizo de proximidades ou o proceso de privatización e liberalización de infraestruturas, material e servizos, leva ao sector ferroviario galego a unha situación dramática, de desmantelamento de servizos e infraestruturas.

Mentres no Estado, nos últimos quince anos, levouse a termo a modernización ferroviaria, na Galiza adíanse os investimentos necesarios e négaselle unha rede compatíbel para persoas viaxeiras e mercadorías, unha dupla vía e electrificada, que prime a mobilidade interior, con conexións axeitadas con Portugal e co resto do Estado. O Goberno Central ignora, á mantenta, que Galiza posúe aproximadamente a metade dos núcleos de poboación do Estado, mentres carece de servizos ferroviarios de proximidade.

As consecuencias desa política ferroviaria do Estado van ser moi graves para A Coruña-Ferrol cunha infraestrutura de hai cen anos, e onde se pretenden eliminar servizos, dos cinco actuais a dous. Para Vigo-Ourense, e as poboacións intermedias, polo Miño, que será de mercadorías desde o porto de Vigo, e onde se eliminarán

servizos de media distancia, como o tren de Ponferrada que agora chega ás 2 da tarde. A liña A Coruña-Lugo-Monforte, que quedará con servizos de longa distancia a Madrid e Barcelona, mais coa posibilidade de perder un dos dous de media distancia que ten. Monforte-O Barco de Valdeorras que seguirá só cos trens de longa distancia (Madrid e Barcelona ou Euskadi), mentres non rematen o AVE Ourense-Puebla da Seabra. E o ramal Santiago-Ourense que é o troncal do AVE cando remate de facerse no 2018 e, en consecuencia, a liña convencional Santiago-Ourense quedará morta, pois a duración da viaxe será de dúas horas, cando no AVANT será de 30 minutos, quedando ademais O Carballiño fóra.

A Xunta de Galiza debe encarar este grave problema e asumir todos os servizos interiores do noso país a través dunha transferencia da infraestrutura e do material rodante, realizando previamente o Estado un investimento para poder dispoñer dun bo tren convencional. A proximidade hai que levala tamén a Lugo-Sarria-Monforte, a Monforte-Ourense, a Vigo-Pontevedra-Tui-Valença.

A ese proceso de transferencia ha de seguir a creación dunha compañía pública ferroviaria galega que, partindo de sermos unha unidade económica e social a vertebrar, xestione os servizos ferroviarios no interior do territorio galego.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

Instar á Xunta de Galiza a

1. Reclamar do Goberno do Estado que desista do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios no noso país, reclamando o mantemento das liñas existentes (Ourense-Puebla da Seabra; Ourense-Monforte-Ponferrada; A Coruña-Ferrol; A Coruña-Lugo-Monforte, Vigo-Ourense) e unha mellora dos servizos e frecuencias que se veñen prestando en territorio galego.
2. Demandar do Estado as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega que mellore a prestación deste servizo no noso país e permita acometer as infraestruturas e desenvolver os servizos de transporte ferroviario na Galiza que contribúan a vertebración económica, social e territorial do país.
3. Demandar do Goberno do Estado o mantemento e desenvolvemento dos talleres e actividades auxiliares existentes na Galiza, así como a creación de módulos de formación Profesional vinculados á actividade ferroviaria.

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 17 de xuño, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. VELOSO RÍOS: Nuns tempos nos que nesta cidade se esta a debater sobre os

medios de transporte cos que contamos, no Bloque Nacionalista Galego queremos chamar a atención sobre a situación do ferrocarril. Para nós o ferrocarril é un servizo público básico, que ademais é o servizo sustentable economicamente que constitúe un elemento de cohesión e de vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e de equilibrio demográfico fundamental. Como medio de transporte é un elemento central dun sistema nacional de transporte intermodal e complementario, e resulta máis eficiente no que atinxe ao transporte de granel e mercadorías non perecedoiras, respectuoso con medio ambiente e ademais é fonte dun emprego de calidade.

O sistema ferroviario neste tempos de crise debería ser un sistema privilexiado por parte das accións públicas e, de feito, está recollido tamén como un servizo público por parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Poren atopámonos con que o Goberno do Estado toma a decisión de sometelo, unha vez mais, como está facendo con tódolos servizos públicos, a súa privatización e o seu desmantelamento.

Estamos recibindo anuncios de recortes de media distancia que ademais no noso país é o que temos, porque hai que lembrar que no noso país seguimos sen contar cun tren de proximidades, mentres noutras zonas do Estado hai protestas polos problemas de funcionamento do servizos de proximidades, en Galicia non podemos nin protestar porque non temos, por exemplo entre Vigo e Pontevedra, temos servizos unicamente de media distancia e agora cos recortes anunciados e postos xa en marcha, dunha maneira absolutamente escurantista por parte do Goberno do Estado nin iso, porque estannos deixando sen trens, sen ningunha maneira de comunicarnos dende Vigo co resto do país a través dun servizo digno de media distancia.

De feito en Galicia o Goberno do Estado decidiu suprimir 94 servizos a semana, dos cales catorce son na provincia de Pontevedra, na liña Vigo-Ourense-Vigo, e esta perda de servizos supón o illamento definitivo de determinadas zonas do rural. Na nosa cidade déixanos sen transporte pola veira do Miño e de feito, e a min gustaría convidar a todos vostedes e a calquera cidadán/a a que hoxe mesmo fose a páxina web de Renfe para mercar un billete de tren e vería como xa se nos ofrece como opción comprar un billete de tren Vigo-Ourense por Santiago de Compostela. O mesmo pasa con Madrid, se queremos ir a Madrid tamén podemos

comprar un billete Vigo-Madrid por Santiago de Compostela, con non demasiada diferenza de tempo, esa é a realidade. Co cal isto nos fai pensar que si sumamos a redución de liñas entre Vigo e Ourense e engadimos a opción xa hoxe de ir por Santiago de Compostela, parece que o futuro depáranos precisamente esta única conexión, que para ir de Vigo a Ourense ou de Vigo a Madrid teñamos que ir por Santiago de Compostela, por que esa é a realidade, non temos un transporte directo dende a nosa cidade agora mesmo practicamente a ningún sitio. Cando o temos este faise non gracias á mellora tecnolóxica das infraestruturas senón por culpa da perda de servizos, hoxe mesmo na nosa cidade anunciouse un acto para inaugurar unha liña directa Vigo-Oporto cunha redución considerable do tempo de transporte, e hai que lembrar que esta redución faise a costa da eliminación de paradas, en ningún momento gracias as melloras tecnolóxicas ou de infraestruturas, deixando unha vez máis unha boa parte do país sen transporte ferroviario, sen posibilidade de comunicación a través do tren, e mesmo neste caso con prexuízos para elementos culturais, identitarios, de turismo e de dinamización económica como o Camiño Portugués, coa eliminación da posibilidade de levar as bicicletas nos trens, algo que dende tódolos puntos de vista é absolutamente obsoleto e reaccionario.

Polo tanto, nós estamos vendo como nos están deixando sen transporte cara Oporto, Ourense, Madrid e fundamentalmente non temos transporte para as zonas máis achegadas, para aquelas que dan un servizo de transporte básico para moitas persoas, ademais que teñen o tren como o seu único medio de transporte para traballar, estudar, vemos como se elimina o apeadeiro de Cesantes ou da Universidade de Pontevedra e nós o que queremos é que estes recortes non se sigan producindo.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Para o Partido Socialista o ferrocarril foi e seguirá sendo unha prioridade como sistema de transporte público. O Goberno da cidade de Vigo ten un compromiso claro e decidido co ferrocarril, tanto no tren de proximidades como no de Alta Velocidade. Unha das premisas fundamentais do Sr. Abel Caballero cando se presentou por primeira vez á Alcaldía de Vigo, foi o seu compromiso co AVE, para que o Goberno de España volvese a poñer no mapa de alta velocidade ferroviaria a Vigo. Despois co Goberno do Partido Popular do Sr. Aznar e o Sr.

Álvarez Cascos, xunto co Partido Popular local no que pertencía xa o Sr. Figueroa e o autonómico, o borrasen ao mesmo tempo que borraban a “L” do Plan de infraestruturas de España, pasando a entrar o AVE en Galicia, en vez de por Vigo, por Santiago de Compostela.

Non podemos esquecer que o AVE foi introducido en España a finais dos anos oitenta, cando o ministro de transporte do Sr. Felipe González, o Sr. Abel Caballero deseñouno para o tramo Madrid-Sevilla con motivo da exposición universal do ano 1992. Sistema pioneiro e punteiro que no ano 2009 o propio presidente de Estados Unidos, o Sr. Obama, cualificou de excepcional e iniciou os trámites para importalo o seu país.

Xa a finais dos oitenta o Partido Popular rexeitou na sede parlamentaria votando en contra esta iniciativa e dicindo que era unha idea faraónica, a ver que fan a día de hoxe, porque nunca estiveron a favor da modernidade, das infraestruturas deste país como necesidade. Todos lembramos neste Pleno, Sr. Figueroa, dicirnos que a entrada do AVE a Vigo a través do túnel era unha idea fantasiosa, e preguntou de xeito retórico neste Pleno, se chegara o tren a Redondela íamos baixar o tren nun ascensor porque o que se propoñía de que o tren entrase a Vigo a través dun túnel el mirábao de forma burlesca. Non só iso, senón que retou a toda a cidadanía e combidounos a un churrasco en Redondela, porque nunca ían estar alí as tuneladoras, sorpresa que non houbo churrasco e o Sr. Figueroa aforrouse os cartos porque si había tuneladoras e hoxe o túnel xa está rematado. E é vostede refén das actas deste Pleno, e dos veciños de Redondela e de Vigo que son testemuños e os amigos de Teis que miran como unha ferida histórica a vía do tren que separaba o barrio en dúas partes, hoxe xa non existe, non circula o tren por esta vía e xa se retirou a vía, a catenaria, as travesas e tódalas infraestruturas.

Co túnel garántese tamén a saída Sur tan desexada e a nosa situación pasa de ser unha estación final, que non ten saída a ningunha parte, a ser unha estación pasante, mellorando as infraestruturas e as conexións con Portugal e co sur da provincia para os curtos percorridos e Portugal para os longos percorridos. Pasa de ser unha estación final a ser unha estación pasante, clave para o futuro da Eurorexión.

Todos lembramos tamén o debate sobre a estación de ferrocarril, se era unha estación moi ambiciosa para Vigo, en vez de ser un proxecto de primeira

magnitude deseñado por un premio Pritzker de arquitectura, tiña que ser unha caixa de formigón, segundo dicía o Partido Popular, que recibira o tren e ós pasaxeiros. Finalmente a Ministra rectificou e contou con pequenas modificacións, pero contou co proxecto de Thom Mayne e aí contou co noso apoio, co apoio do Alcalde, que sempre que unha administración trae un proxecto positivo para a cidade de Vigo contará co noso apoio, pactaremos, negociaremos, traballaremos e seremos os últimos en levantarnos desa xuntanza porque Vigo meréceo.

Por iso imos votar a favor desta moción do Bloque Nacionalista Galego, porque o Goberno de Vigo ten no seu ADN a defensa do ferrocarril, en tódalas súas modalidades, reclamaremos ao goberno de España que cese co desmantelamento e privatización do ferrocarril e que manteña as liñas existentes actuais. Reclamaremos ao goberno de España que mellore os servizos, as frecuencias que se prestan no noso territorio e que isto vaia acompañado dun financiamento axeitado, demandaremos ao goberno de España que manteñan tódolos postos de traballo ferroviarios nun momento de crise como o que está vivindo este país, non se pode destruír nin un só posto de traballo, mantendo en Galicia os seus talleres e as súas actividades auxiliares. Vigo cree no ferrocarril, o goberno da cidade aposta por este xeito de transporte, o Partido Popular non se sabe, esperemos que se sume ao sentido común e non perda esta oportunidade de defender a Vigo e o ferrocarril.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Estimada voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, antes de comezar coa miña exposición non quero deixar a oportunidade de facer unha pequena reflexión, que seguro que os votantes do seu partido van a ter en conta, dende o comezo desta lexislatura tivemos dezaseis plenos con opción para o seu grupo de expoñer dezaseis mocións de oposición e control ó goberno desta cidade, que por certo é o que lles foi encomendado, e a realidade nos demostra que máis dun 70% das oportunidades non cumpriron coa súa obriga do seu traballo, regalándolle a confianza dos seus votantes ao Sr. Abel Caballero, o cal é imperdoable.

En relación co argumento da moción que vostedes presentan, relacionado coa mellora da rede ferroviaria, estamos de acordo en que hai que melloralala, de feito hoxe estrease o enlace, a nova conexión a Oporto, isto é o que hai que facer.

Tamén estamos de acordo que o ferrocarril é un servizo público básico que debe facerse sustentable economicamente, e que sen dúbida constitúe un elemento de cohesión e vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e equilibrio demográfico sendo respectuoso co medio ambiente.

Compañeira Sra. Veloso Ríos, non compartimos o seu argumento porque é falso que se este a desmantelar liñas ferroviarias, porque non estamos de acordo en ter que asumir unha transferencia, dun servizo deficitario para xerar outra duplicidade máis, cando os cidadáns estannos demandando eficiencia e eficacia nos servizos públicos e na administración.

A defensa desta posición está fundamentada en que nestes momentos non se coñece o resultado do Plan de Racionalización e Mellora da Rede Ferroviaria, xa que aínda se esta a analizar coas Comunidades Autónomas, este Plan é unha medida que está por riba de intereses partidarios ou de ideoloxías, xa que lle lembro que este Plan ven aprobado no Consello de Ministros de 30 de decembro do 2010, estando de presidente do Goberno o Sr. Zapatero e de ministro Fomento o Sr. Blanco, amigo do Sr. Alcalde, e que tiña o apoio do Bloque Nacionalista Galego, eles encargaron un informe a Ineco que fala de reducir corenta e oito liñas, reducir o 32% da oferta e aforrar o 86,5 millóns de euros, nada ten que ver coa realidade que o goberno actual pretende.

Esta Plan de mellora de racionalización dos servizos ferroviarios está baseado en criterios de sustentabilidade, eficacia e eficiencia que rexen a administración pública e por iso o Estado e a Comunidade Autónoma Galega teñen a obriga de garantir a mobilidade dos cidadáns vivan onde vivan, e este é un criterio irrenunciable para nós. Isto non é unha cuestión de rendibilidade económica, sobre todo é de rendibilidade social e ambiental, son os cidadáns os que solicitan melloras en tempos e custos e se non as teñen deixan e abandonan as liñas. Os cidadáns demándanos que basta xa de subvencionar ineficiencia, durante dezaseis anos ata o 2010 destináronse ao redor de corenta millóns de euros para manter servizos e frecuencias, a pesar dos esforzos e incrementar, por momentos, estes servizos nalgunha liña nun 57%, non se logrou un aumento de usuarios que superase o 5%. Estimada Sra. Veloso, con estes corenta millóns de euros manteríamos máis de tres anos as subvencións ao transporte metropolitano das sete grandes áreas de Galicia, incluída Vigo, se o Alcalde o deixase. A miña

pregunta, enlace como comentario da miña exposición de falla de oposición local pola súa parte, por que non lle di ao Alcalde que se equivoca cando impide que a Xunta inverta máis de catro millóns de euros ao ano no fomento do transporte metropolitano?. Destes poderíanse beneficiar ao redor 450.000 cidadáns e a inversión que suporía ao Concello, no caso de que non chegase a negociar con VITRASA, non chegaría aos 400.000. Por que non lle di ao Sr. Abel Caballero que permita que se invirtan máis de 1.500.000 de euros en vinte aparcadoiros disuasorios con máis de 4.300 prazas? Por que non lle pregunta onde quedou aquel magnífico Plan de sete aparcadoiros en Teis, Balaidos, Castrelos, Bouzas, etc. que teñen ser servizo á cidadanía en xeral e a comerciantes en especial? Por que non lle pide ao Alcalde que, o seu ineficaz equipo de goberno, fagan campañas de fomento de apoio ao transporte público urbano, autobús, tren, barco ou taxi antes de que empecen a ser deficitarios e nos provoquen outro problema?. Lémbrolle que o VITRASA cunha baixada de 300.000 usuarios no último trimestre ten as peores cifras dos últimos dez anos, cando no resto de cidades a nivel galego esta tendencia é totalmente inversa.

Estimada Sra. Veloso, os cidadáns e os seus votantes lémbrenlle que faga oposición nesta cidade e que deixe o seu grupo parlamentario que o faga no goberno galego.

SRA. VELOSO RÍOS: É curioso que falando do tren de media distancia e das proximidades que non existen, acabemos falando de que como exerce a oposición cada grupo político. Eu quero lembrarlle ao Sr. Araújo Pereira, seguro que os seus votantes non o van ter en conta porque dubido moito que os votantes do Partido Popular teñan moi en conta a opinión do Bloque Nacionalista Galego e a inversa, que vostedes están aquí para defender á cidadanía viguesa, non para defender ao Sr. Rajoy e ao Sr. Feijóo que é o que levan facendo todo este mandato.

Nós estamos defendendo os cidadáns/as viguesas que necesitan un servizo ferroviario, que necesitan un tren para poder desprazarse polo noso país e agora mesmo estamos vendo como o goberno do Estado está aplicando unha privatización deste servizo, que é un servizo público, eliminando liñas separadas e externalizando as actividades ferroviarias, poñendo en perigo moitos postos de traballo das empresas implicadas. E nós ademais nesta moción, falamos precisamente da media distancia e das proximidades, concretamente da media

distancia, non falamos do AVE en ningún momento. Chámame a atención que o Partido Socialista diga que vai apoiar esta moción polo moito que defende o AVE porque precisamente disto non é do que estamos falando. Eu non vou poñer en dúbida o compromiso do Sr. Alcalde co AVE, eu só fago unha pregunta onde está o AVE? Porque nesta cidade non está. Para nós ademais é que non todo é ir a Madrid, porque aquí o que vemos é un Partido Popular que está empeñado en que os servizos públicos sirvan para dar beneficio económico a empresas privadas e polo tanto privatizan, e un Partido Socialista que está obsesionado por como viaxar a Madrid, sexa por tren ou sexa por avión.

Nós o que queremos é poder viaxar no noso país, poder saír de Vigo, poder ir traballar ou vir traballar a Vigo, poder ir estudar no noso país, nós o que demandamos é un servizo ferroviario de proximidades de media distancia que se adecúe ás necesidades do noso país, que as decisións se tomen no noso país en función das nosas necesidades, e non en Valladolid en función dunhas necesidades que non teñen nada que ver coas nosas. Nós estamos pedindo, estamos reclamando do goberno do Estado que deixe de desmantelar o servizo ferroviario do noso país, porque isto non é un plan para no futuro mellorar o servizo ferroviario, isto é un desmantelamento que xa se está aplicando porque o 1 de xuño empezaron os recortes e nos quedamos xa sen catorce liñas nesta cidade.

Nós o que reclamamos do goberno do Estado é que desista do proceso de desmantelamento e privatización dos servizos ferroviarios no noso país, que se nos transfira en materia de ferrocarril interior con financiamento e que se manteñan e se desenvolvan os talleres auxiliares que temos no noso país.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno,

Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, instando ó goberno do Estado a mellora na rede ferroviaria, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.(113).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO AOS PRESIDENTES DA XUNTA DE GALICIA E GOBERNO CENTRAL A REVERSIÓN DO CAPITAL INVESTIDO EN PREFERENTES E SUBORDINADAS E O PAGO POLO FONDO DE GARANTÍA DE DEPÓSITOS. EXPTE. 627/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de marzo, número 627/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“Dende o PSdeG PSOE instamos a potenciar a vía do arbitraje como a mellor solución para os afectados das preferentes e vemos como apenas un 20% dos casos viron solucionado o seu problema. Tanto NCG Banco como como a Xunta, bótanse a culpa da parálise do proceso, pero temos claro que tras as eleccións autonómicas a arbitraje veuse paralizada e a desesperación dos afectados acumúlase e aumenta.

Os propios afectados denuncian a mala xestión de NCG Banco na crise financeira, tamén a fusión que BNG e PP forzan coa proposta dun gran Banco Galego avalado por unha auditoría de KPMG, que custou un millón de euros que di que a fusión é viable.

Para forzar a fusión, o PP co apoio do BNG tramitou unha Lei de Caixas pola vía de urxencia para cesar ao Consello de Administración de Caixanova, que tiña o seu propio proxecto. Desde o PSOE, o Alcalde Don Abel Caballero Álvarez e a cidade de Vigo opuxémonos frontalmente á fusión.

Os aforradores afectados por preferentes e subordinadas de Caixanova, poderían recuperar os seus cartos si PP e BNG non impuxeran a fusión con Caixa Galicia.

Agora é o momento de asumir responsabilidades por parte de PP e BNG nas persoas que publica e activamente contribuíron á quebra do sistema financeiro galego e que os aforradores enganados e estafados, non poidan recuperar os seus

aforros.

Aínda faltan máis de 800 millóns de euros por devolver os seus afectados e o tempo esgótase, xa que segundo o acordo de reestructuración entre o Goberno e a Comisión Europea, neste primeiro trimestre do ano se tiña que proceder a conversións das preferentes e subordinadas en accións do banco aplicándose unha quita entre o 30 e 70 por cento do capital.

O próximo día 31 de marzo acaba ese prazo e tanto a Xunta como o Goberno do Estado permanecen nun silencio cómplice desta situación. O primeiro pola responsabilidade de Núñez Feijoo na fusión das dúas caixas galegas nunha soa entidade cos pes de barro, e Mariano Rajoy porque gobernar significa adoptar medidas para salvagardar os dereitos dos cidadáns e non estar a votar a responsabilidade aos anteriores que, por certo, xa a sumiron ao perder as pasadas eleccións.

Agora xa non hai moito tempo para seguir a vía da arbitraje e é necesario adoptar medidas urxentes para salvagardar os aforros dos afectados que foron enganados por NCG Banco. Por elo cremos que a única solución para estos afectados é que o Fondo de Garantía de Depósitos, é dicir a propia banca, abone as cantidades retidas en preferentes e subordinadas. Pero todo elo sen aplicar unha quita sobre os aforros.

Esta sería a medida máis xusta para a devolución dos aforros os seus verdadeiros propietarios pero en caso negativo tería que ser o goberno quen asumira o pago das cantidades retidas polas entidades crediticias. Se todos os españois aportamos máis de 45.000 millóns de euros para sanear o sistema financeiro é normal esixir un compromiso maior de gasto para a devolución dos seus aforros os afectados polas preferentes.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo pola súa responsabilidade política sobre a situación das caixas galegas, para que faga xestións ante o Goberno do Estado para que imponha ao Fondo de Garantía de Depósitos a reversión do capital investido en preferentes e subordinadas.
2. Instar ao Presidente do Goberno, Mariano Rajoy a promulgar un decreto que recolla o pago polo Fondo de Garantía de Depósitos das cantidades das preferentes sen ningún tipo de quita ou mediante un decreto que asuma o pago dos aforros dos afectados mediante os orzamentos xerais do Estado.
3. Instar o PP e BNG que asuman as responsabilidades por axudar conscientemente a esta situación caótica ó dar prioridade á posibilidade de creación dun Banco Galego, sen ter en conta a situación real en que se encontraban as entidades. Identificar aos responsables destas situacións, que dimitan de inmediato e

investigar as posibles responsabilidades administrativas e penais en que puideran incorrer.

4. Dar conta deste acordo do Pleno ao Presidente da Xunta e o Presidente do Goberno.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 18 de marzo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Foi en marzo cando presentáramos esta moción e os Socialistas, uns meses despois, vemos como seguen tendo vixencia o que aquí reclamamos de quen agora mesmo goberna no Estado e na Xunta de Galicia que é o Partido Popular, o Sr. Rajoy e o Sr. Feijóo. Temos todos os días afectados/as das preferentes facendo mobilizacións e facendo chegar a toda a cidadanía e ós gobernantes a súas demandas xustas, dunhas persoas que foron enganadas, que foron estafadas, que son aforradores enganados e estafados e que agora mesmo tamén son roubados cun decreto promulgado polo goberno do Partido Popular, do Sr. Rajoy.

Digo que foron enganados, estafados e agora roubados porque se lle mentiu antes das eleccións autonómicas de que ían a recuperar os seus cartos pola vía do arbitraje, se lles mentiu cando dicía que non ía haber quita e a responsabilidade que agora mesmo temos os Socialistas con eles e de seguir poñendo todo enriba da mesa para que lle sexan devoltos integramente os seus aforros, reitero que sexan devoltos os seus aforros.

Os Socialistas vimos dando pasos con mocións en distintos ámbitos, pero tamén no propio Parlamento Europeo onde a proposta dos nosos parlamentarios xa acadou un acordo, incluso votado polo Partido Popular, foi apoiada por tódolos grupos para que non se consideraran axudas do Estado e polo tanto, non contaran como déficit a devolución dos aforros a estas aforradores e estafados.

Tamén é como consecuencia de forzar a fusión de dúas caixas que hoxe estase a demostrar que a Comisión de Investigación que foi un grave erro político de enormes consecuencias para a economía de Galicia e fundamentalmente para a economía de Vigo, por canto os responsables de forzar esa fusión deixáronnos sen

caixas, sen banco e sen aforros como estamos a ver con eles.

Polo tanto, a nosa responsabilidade é seguir traballando en tódolos frontes, neste tamén, de presentar mocións para que estes cidadáns atopen unha decisión política xusta, porque señores quen manda no FROP é o goberno do Sr. Rajoy, o goberno do Partido Popular, e ten a decisión política, pode facelo, de tomar as medidas para devolver eses aforros. Por contra, o que fai é sacar un decreto que é xa o número trinta e seis en poucos meses, un Real Decreto para que estes aforradores, estafados e agora roubados perdan ata un 70% dos seus aforros. Nós os Socialistas negámonos a isto, non queremos que estas persoas, que os aforros de toda a súa vida, lles sexan quitados porque eles non son inversores como os tratou o Partido Popular no memorandum en Bruselas, eles son aforradores, aforraron os cartos ao longo de toda a súa vida de traballo e agora o que lle aplican é, a través un Decreto Lei, unhas inxustas e desproporcionadas quitas.

Nós insistimos en instar ao Presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, pola súa responsabilidade política sobre a situación das caixas galegas, para que faga xestións ante o goberno do Estado para que imponha ao Fondo de Garantía de Depósitos a reversión do capital investido en preferentes e subordinadas. Instar ao Presidente do Goberno, Sr. Rajoy, a promulgar un Decreto que recolla o pago polo do Fondo de Garantía de Depósitos, das cantidades das preferentes sen ningún tipo de quita ou mediante un Decreto que asuma o pago dos aforros dos afectados mediante os Orzamentos xerais do Estado.

No punto tres, instar ao Partido Popular e ao Bloque Nacionalista Galego que asuman as responsabilidades por axudar conscientemente a esta situación caótica ao dar prioridade á posibilidade de creación dun banco galego sen ter en conta a situación real en que se atopaban as entidades. Identificar aos responsables destas situacións que dimitan de inmediato e investigar aos posibles responsabilidades administrativas e penais en que puideran incurrir.

Por último, dar conta desta acordo do Pleno á Presidencia da Xunta de Galicia e ao presidente do goberno do Estado.

SRA. VELOSO RÍOS: Nós evidentemente estamos apoiando a tódalas persoas afectadas pola estafa das preferentes e agora o roubo que están sufrindo pola quitas, pero tamén é certo que nesta moción está manía de reescribir a historia

que está tendo o Partido Socialista non nos gusta nada. Porque a nós gustaríanos lembrar que existiu un pacto entre o Partido Socialista e o Partido Popular para a reforma da Lei de Caixas, a LORCA, cando era o Sr. Zapatero Presidente do Goberno, un pacto do Partido Socialista que estaba gobernando en Madrid coa dereita, co Partido Popular, con UPN, con Coalición Canaria, un pacto de Estado que menosprezou completamente ás comunidades autónomas, non tivo en conta a súa situación nin a súa opinión en ningún momento. E este pacto non foi o último, logo en Galicia tamén no Parlamento Galego, o Partido Socialista e o Partido Popular modificaron xuntos a Lei Galega de Caixas para permitir a continuidade do Sr. Gayoso, que excedía a idade máxima para exercer a función de representación institucional, e logo para que modificaron vostedes a Lei de Caixas? Para que o Sr. Gayoso puidese exercer esa representación institucional se logo, cando compareceu no Congreso dos Deputados practicamente el dixo que pasaba por alí, que non tiña ningún tipo de responsabilidade. Sobre as preferentes o tema do que estamos falando hoxe, o Sr. Gayoso dixo que non podía opinar porque era unha cuestión que estaba sub iúdice, ata ese punto chegou na súa falta de asunción de responsabilidades.

Sobre o tema das preferentes tamén hai unha historia, podemos falar dos datos sobre a emisión de preferentes por parte de Caixanova, podemos falar das irregularidades que detectou a CNMV entre 2008-2011, e poderíamos preguntarnos xa que falamos de responsables e xa que pedimos dimisións, non podemos pedir xa a dimisión do Presidente Zapatero, pero podemos preguntarnos tamén que pasou co Sr. Fernández Ordóñez nomeado tamén por vostedes.

E se facemos historia vemos que a emisión de preferentes por parte de Caixanova en 2005 foi de 198 millóns de euros; en 2007, setenta e cinco millóns de euros; en 2008, cen millóns de euros; en 2009, 130 millóns de euros, ata chegar a esta cantidade escandalosa en 2010, xa NovaCaixaGalicia, 1162 millóns de euros. Esa é a historia das preferentes, e houbo unha complicidade en todo este tempo entre o Partido Socialista e o Partido Popular, na deslocalización e na privatización das Caixas, transformándoas en Bancos que deixan sen recursos financeiros ás familias e ás Pemes do noso país, que levan os centros de decisión fora do noso país, con constantes cambios nas regras do xogo para obter o resultado que querían dende o primeiro momento, foron cambiando as regras do xogo para que o resultado de

privatizar e quitar do noso país os centros de decisión fose asegurado; de feito iso demostrouse nos cambios de posición constante, por exemplo do Sr. Alcalde, nun primeiro momento dixo que non á fusión, logo si, pero non á fusión das Caixas Galegas falaba dun ASIP, poderíamos estar fusionados con Bankia que coa situación que ten estaríamos infinitamente mellor, claro que si.

Logo, resulta que cando se chega á fusión o Sr. Alcalde sae co Sr. Gayoso, en tódolos medios de comunicación, dicindo que a fusión é unha estrela a que hai que coidar, que vai asegurar un futuro financeiro para o noso país, dende logo que como vidente non ía gañarse a vida porque a situación do sistema financeiro no noso país é calquera cousa menos boa.

Ao final, o que non temos no noso país é poder económico, non temos un sistema financeiro galego que asegure nestes momentos crédito para as familias, que asegure crédito para as Pemes, non temos control público que era o que tanto o PSOE como o Partido Popular querían, e agora temos miles de persoas afectadas por unha estafa que os deixou sen os aforros de toda a súa vida e que ademais agora vense afectadas polo roubo das quitas do Partido Popular no Goberno de Madrid.

Por iso nós presentamos unha emenda de substitución ao terceiro punto que di “instar ao Partido Popular e ao Partido Socialista a que asuman as responsabilidades sobre as consecuencias do seu pacto para a deslocalización e a privatización das caixas, que tivo como resultado a perda absoluta do control público e social das caixas de aforro e a eliminación de todo o referente ao financeiro territorial para o noso país”, e unha emenda de engadida que sería un cuarto punto “instando ao goberno do Estado a que dea instrucións precisas para anular de inmediato as multas impostas aos afectados polas participacións das preferentes”.

SR. FIGUEROA VILA: Unha vez máis demóstrase claramente, por parte do Partido Socialista, a demagogia, intentar xerar o enfrontamento, a confrontación entre tódalas institucións e non lle preocupa a solución do problema, o que lle preocupa única e exclusivamente é a ver a quen lle vota a culpa dos desastres, da herdanza que deixou o Partido Socialista do Sr. Zapatero, máis de 5,5 millóns de parados, unha economía estancada cunha débeda de máis de 900.000 millóns de euros,

92.000 millóns de euros de déficit, dixeron que era o 6% e ao final era o 8,5 %, as rendas dos españois en niveis do 2004 con recortes sociais, reduciuse a un 5% a nómina dos funcionarios de forma permanente, conxeláronse as pensións por primeira vez na súa historia, etc.

O máis importante de todo isto é que algúns estamos na solucións dos problemas, e a solución dos problemas e que mentres o Partido Popular e a Xunta de Galicia, no seu momento, fixo unha proposta de arbitraje vostedes o Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego rexeitaron a posibilidade de que houbera unha arbitraje para tódolos afectados, estafados polas preferentes e vostedes estiveron totalmente en contra, os dous partidos. As consecuencias de aquel arbitraje, daquela decisión que foi correcta e acertada como se demostra polos resultados, hai 103.000 consultas dentro da arbitraje en consumo, reclamacións 66.860, das reclamacións aceptadas por NovaGaliciaBanco, 40.000 foron aceptadas, vistas celebradas 26.000, laudos notificados 23.000, laudos pagados 20.000. En definitiva, aceptados por NovaGaliciaBanco 470 millóns de euros e laudos pagados a día de hoxe 310 millóns de euros. Isto é o que queren, solucións as persoas que foron afectadas pola arbitraje ou polas preferentes. Pero de nove emisións vixentes de preferentes, cinco foron entre os anos 2005 e 2008, Sr. Rodríguez Díaz, sabe quen gobernaba na Xunta de Galicia e quen gobernaba en España? Pois o Partido Socialista, un goberno bipartito en Galicia e un goberno do Partido Socialista en España. Sabe vostede quen era o gobernador do Banco de España? Pois o nomeado por vostedes. Saben vostedes quen presidía a Comisión Nacional do Mercado de Valores? Pois vostedes.

A pregunta é, que decisións tomaron vostedes naquel momento para que esta situación non fora a máis, ningunha. O único que deixaron é ós preferentistas e ás Caixas, naquel momento ós Bancos, facer, emitir todo este tipo de produtos que tiñan unha saída e un obxectivo claro, sobre todo con referencia ao que é NovaGaliciaBanco, naquel momento Caixanova, pois era capitalizar á caixa que estaba nunha situación nefasta, caótica, ese era o obxectivo fundamental, e premeron aos directores dos Bancos para que estafaran como fixeron a moitas persoas de ben, que caeron na trampa destes directores e directivos de Caixanova naquel momento.

Con respecto á fusión da caixas, supoño que vostedes non estarán cos das

indemnizacións millonarias dos 7,5 millóns de euros, dos 8,5 millóns e medio, dos 12 millóns etc., supoño que vostedes non estarán de acordo con esa política que se levou a cabo ou si, porque eses son os amigos do Sr. Caballero, que primeiro defendeu, despois dixo que non, logo que si, dixo de todo neste posicionamento sobre as caixas dixo absolutamente de todo. Parece que lle molesta, moléstalle que vostedes son os amigos dos que cobraron as indemnizacións millonarias e deixaron estafados a moitas familias con oito, des mil, quince mil, vinte mil, os aforros de toda a súa vida.

A fusión tiveron que facela e isto tiveron que facelo para capitalizar tiveron que emitir preferentes porque estaba a situación económica moi difícil, iso é o que demostran, vostedes nesa confrontación permanente, nós na solución de que hai que intentar que sexa o 100%, pero polo menos xa hai 40.000 persoas que se lles resolveu o seu problema, falamos de 470 millóns de euros e de laudos pagados, máis de 310 millóns de euros. Iso é onde está o Partido Popular nas solucións dos problemas destes afectados.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Aquí fálase de todo menos de solucionarlle o problema a estes aforradores, estafados e agora roubados. Eu creo que non se trata de reescribir a historia, pero señores do Bloque Nacionalista Galego, vostedes eran os máximos defensores desa fusión, dicían que un SIP era bancarizar as caixas e mire onde estamos hoxe en día. Se deixaran a Caixanova seguir polo seu camiño e non axudaran ao Sr. Feijóo a quitar unha Lei de Caixas urxente para cargarse o Consello de Administración de Caixanova e forzar a fusión, aí teríamos outra cousa. Despois a que facía a fusión con Bankia era Caixa Galicia que era a que estaba quebrada, Sra. Veloso, non veñan aquí a cambiar a historia que a están vendo tódolos cidadáns e sobre todo hoxe que estamos coa comisión de investigación.

Sr. Figueroa, os amigos os elixe quen quere eu non quero falarlle dos amigos do Sr. Feijóo nos iates con narcotraficantes, imaxínome que el elixirá aos amigos que lle conveñan.

Sobre as indemnizacións millonarias, porque ao final imos ter que falar disto, non se refire aos sobre soldos do Partido Popular, hoxe coñecemos que o seu Presidente no seu momento do partido o Sr. Arenas cobraba case 5.000 euros ao mes de dietas, debese referir a esas indemnizacións con diñeiro público de indemnizacións

que había.

Cando vostedes falan de solucionar problemas por que están estes homes e mulleres na rúa? Porque vostedes non lle dan solucións, o Partido Socialista ten reclamado e recorrido este tema no Tribunal Constitucional, cousa que non fixeron outros partidos, porque o Partido Popular róuballes con este Real Decreto os aforros a estas persoas, por iso seguen na rúa. Por iso hoxe, tódalas plataformas de Galicia solicitan un Pleno extraordinaria para o 8 de xullo en tódalas Deputacións e o Partido Socialista, esta mañá, vai presentar na Deputación de Pontevedra que se realice ese Pleno Extraordinario porque así o piden as plataformas, esperemos que se sume tamén o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular e non anden facendo tremoias e os defendan de verdade.

Aquí cando se empezaron de verdade a vender preferentes gobernaba o Sr. Aznar, que era e segue sendo do Partido Popular.

Miren o único que lle piden é unha solución política, vostedes mandan no FROB, o mesmo que se rescata a banca con 40.000 millóns que se rescate a estes aforradores estafados e agora roubados. Vostedes o que fan é un Real Decreto para quitarlle tódolos seus aforros, esa é a súa responsabilidade, iso si que é demagogia señores do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con once votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e dezaseis votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACORDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, (Rexistro entrada Pleno 18.03.2013), instando aos presidentes da Xunta de Galicia e Goberno Central o pago polo fondo de garantía de depósitos ás

preferentes e subordinadas.

5.3.(114).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A SUPRESIÓN DA DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMEIRA DO DECRETO 99/2012, QUE OBRIGA AOS CONCELLOS A INCREMENTAR A TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 671/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de xuño, número 671/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O día 31 de marzo de 2012 entrou en vigor o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, do 30/3/2012). No decreto fíxanse as taxas a aboar polos usuarios do servizo e, ademais, na súa Disposición Derradeira Primeira, obriga ás Corporacións Locais a adaptar as súas ordenanzas municipais ao disposto no citado Decreto.

O Concello de Vigo mantén estas taxas de conxeladas dende fai 6 anos por decisión do goberno municipal. E incluso no ano 2010 incrementou o número de usuarios exentos e aprobou unha baixada da taxa de mais dun 300 por cen para os usuarios con menores renda.

Agora ben, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo da Xunta de Galicia polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios, nun claro ataque ós cidadáns dependentes do Concello de Vigo, establece unha nova tarifa de pago para os usuarios de este servizo e obriga ao Concello de Vigo á modificación da Ordenanza Fiscal do Concello para adaptar as súas taxas ás impostas pola Xunta de Galicia.

Esta modificación imposta pola Xunta de Galicia prexudica sensiblemente ós usuarios de este servizo, xa que supón un importante incremento da taxa, de xeito que un alto porcentaxe dos usuarios deste servizo con ingresos por debaixo do IPREM que ata agora están exentos pasarían a ter que pagar polo servizo, e a maioría dos usuarios vería incrementada a súa taxa ata o triple do prezo actual.

Consideramos que un colectivo tan sensible como é o que recibe este servizo tan esencial non debe pagar os costes da crise.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

1º. Instar á Xunta de Galicia á supresión da Disposición Derradeira Primeira do Decreto 99/2012 da Xunta de Galicia que obriga aos Concellos á incrementar as Taxas dos Servizos de Axuda no Fogar, que abonan actualmente os usuarios.

2º. A supresión e eliminación de todo o articulado do Decreto 99/2012 no que se establecen incrementos para os usuarios nas taxas que abonan por estes servizos sociais.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 17 de xuño, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A estas alturas xa sabemos que o Partido Popular no cre en tres piares básicos da nosa Constitución que son: a Xustiza igual para todos, a Educación igual para todos e por suposto, a Política Social e atención á dependencia aos nosos maiores.

Non cre na xustiza por esa imposición de taxas que acaba de facer o Sr. Gallardón, falabamos antes das “preferentes”, é que se un estafado das “preferentes” quere ir a un xulgado a reclamar eses cartos que lle estafaron, agora ten que empezar a pagar taxas porque o Partido Popular impuxo as taxas. Non cree tampouco na Educación porque acaban de limitar as becas para ese acceso a todo o mundo para poder acceder a unha educación, os que teñan recursos si o poderán facer, pero os que non teñan recursos quedarán fora do sistema.

Vimos tamén os ataques á Política Social e a Dependencia, vimos como tanto a Xunta de Galicia como a Deputación desatendían o servizo de Teleasistencia aos nosos maiores, algo tan esencial como que o maior se sintan protexido as 24 horas do día, pois ben o Partido Popular deixou nos de lado, nin a Deputación nin a Xunta de Galicia se fixo cargo deles e foi o Concello de Vigo o que asumiu tódalas prestacións da Teleasistencia. Pero este só foi un dos golpes que fixo o Partido Popular á Dependencia, hai pouco a Xunta de Galicia despertábanos con outro golpe que chamou Decreto 99/2012, de 16 marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación, tal como di o Decreto supón unha subida de taxas a tódolos usuarios dos servizo de Dependencia, sexa cal sexa o servizo a partires de agora a Xunta de Galicia vaille subir as taxas. Neste Decreto a Xunta de Galicia empeza presumindo dos Servizos sociais con estas palabras “en uso da

competencia exclusiva que o artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía lle recoñece á Comunidade Autónoma Galega, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, de 3 decembro, de Servizos Sociais de Galicia”, presume de ser quen ten a competencia exclusiva, e a partir de aquí di “como eu teño a competencia exclusiva eu mando, eu ordeno”, e todo o que se fala neste Decreto é de copago, copago e copago. Despois, tamén acaba recoñecendo que parte destes Servizos Sociais os acaban prestando os concellos, é por exemplo o servizo de Asistencia Domiciliaria que presta o Concello de Vigo, e claro, como o presta o Concello de Vigo e establece a forma na que os usuarios participan neste servizo a través do Concello, pois xa ben o remate, que aparece no artigo 54.m en onde pon “obrigacións das corporacións locais, os concellos estarán obrigados a aprobar as ordenanzas fiscais para facer efectiva a esixencia da participación económica que en concepto de copago corresponda aos usuarios”, é dicir, a Xunta de Galicia manda e ordena a todo o mundo subir as taxas de Asistencia Domiciliaria a tódolos usuarios de Vigo, como non o pode facer ela directamente, obriga aos concellos a levar a Pleno as ordenanzas fiscais para que todos teñamos que aprobar esas subidas nas taxas.

No Concello de Vigo, se vostedes teñen tódolos datos poden comprobar que cando nosoutros chegamos aquí, a partir dos 360 euros de renda que tivese unha persoa maior, por debaixo deses 360 euros a xente non pagaba, e a partir de aí pagábase unha moi pequena parte. Nós fomos incrementando ese mínimo exento, é dicir, fomos acollendo cada vez máis familias para que puideran estar exentas e poder recibir ese servizo tan esencial como o que te levanten da cama para asearte, como para que che fagan a compra, para que vaian a farmacia pola medicinas ou simplemente para que che laven a roupa, algo tan básico para que a túa vida funcione e te sintas digno como persoa.

Nós fomos indo incorporando máis colectivos e aumentamos ese albor mínimo de renda dende os 360 euros, como o tiña o Partido popular, ata os 532 euros como o temos nós agora. Por debaixo deses 532 euros está exenta calquera persoa de utilizar este servizo, pois ben agora o Partido Popular quere darlle a volta, de maneira que agora nos impuxo unha norma que di que “os concellos están obrigados a modificar as ordenanzas de maneira que a partir de 426 euros xa teñen que empezar a pagar, e non a pagar calquera parvada, establece unha taxa

que pode chegar a supoñer para esa persoa que cobra 400 euros, 100 euros ao mes que ten que sumarlle ao que ten que pagar máis da farmacia, pola luz, por tódolos impostos que lle está facendo a Xunta de Galicia, cantos cartos lle queda a esa viúva para poder vivir dignamente? Non lle queda, polo tanto estamos en contra desta Lei.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos ver o que fai o Partido Popular hoxe aquí nesta moción, temos tremendo interese en saber que fai nesta moción o Partido Popular, porque hai uns días o Sr. Figueroa Vila dicía que eles estaban dispostos a aprobar a amortización da débeda que pretende o Sr. Alcalde, a cambio de que se baixaran os impostos, era a condición que el poñía. Imos ver que fan agora nesta moción porque este Decreto de 16 de marzo o que di precisamente é que se lle suban os impostos, e sobre todo, aquelas persoas da nosa cidade menos favorecidas e que menos posibilidades teñan, simplemente para ser atendidas na súa casa dunha enfermidade, dependencia ou simplemente de, como explicaba a concelleira, servizos tan básicos como o poder levantarse da cama. Imos ver que fai o Partido Popular nesta moción, a ver se que o tema de que baixen os impostos é simplemente para xustificar a amortización dunha débeda igual que está facendo o Sr. Rajoy e o Sr. Feijóo. Este Decreto sóbelle os impostos aos vigueses/as que queren ser atendidos nas súas casas.

Señores do Partido Popular a Asistencia da Axuda no Fogar non é ningún luxo, é un servizo básico, absolutamente traballado por quen agora o demandan a través das súas cotizacións para que puideramos ter o que agora vostedes nos queren quitar, esa sanidade libre gratuíta e universal. A asistencia da Axuda no Fogar é un dereito elemental que teñen que ter tódalas persoas da nosa cidade, os vigueses e viguesas, non se pode dicir que se baixen os impostos e vostedes apoiar decretos como este que o que fan, en absoluto, non é baixalos senón que todo o contrario, é subilos.

No anterior mandato, cando o Bloque Nacionalista Galego tiña responsabilidade de goberno na concellería de Benestar Social, fíxose un esforzo tremendo e aumentáronse en máis de de dous millóns de euros a achega municipal para atender a este servizo. E este Concello segue facendo eses esforzos en dotar orzamentariamente partidas moi importantes para este servizo, partidas que xa

anunciamos que o Bloque Nacionalista Galego vai seguir defendendo sempre e non lle permitirá a este goberno municipal nin sequera rebaixar un euro, porque pensamos que estamos unha vez máis falando de servizos básicos para a cidadanía. Estamos totalmente de acordo con esta moción, imos apoiar esta moción porque o Bloque Nacionalista Galego non vai ser nunca cómplice de decretos que o que fan é afogar unha e outra vez máis aos que menos teñen, aos menos favorecidos. Non imos a ser cómplices de decretos como este, como o da Dependencia, como os educativos etc. que o único que pretenden por parte do Partido Popular é a política de sálvese quen poida, e os que non teñan medios que se arranxen porque en total as grandes compañías ás que queremos darlle o negocio así poden ter evidentemente maior rendibilidade.

Queremos apoiar esta moción e queremos aproveitar tamén este debate para dicir que o Bloque Nacionalista Galego seguirá apostando por unha fiscalización e por unha política fiscal progresiva, progresista e sobre todo, para que paguen os que máis teñen e que non paguen precisamente os que máis necesitan estes servizos básicos e públicos.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sra. Díaz, efectivamente dende o Partido Popular estamos moi orgullosos do Decreto 99 do 2012 pero teño que dicirlle que vai cun pouco de atraso porque non é marzo do 2013 é marzo do 2012, ou sexa ano e medio leva en funcionamento este Decreto, non sei porque se acordan agora de pedir unha derogación cando leva ano e medio en vigor.

Penso que vostedes tamén o consideran e o valoran ben por unha razón, dos sesenta e catro artigos que ten este Decreto resulta que só piden a derogación dun, debe estar bastante ben este Decreto. Eu considero que está ben o Decreto porque senta as bases dunha auténtica coordinación entre os servizos comunitarios e o resto dos servizos sociais da comunidade autónoma, porque da soporte global a un sistema de información que vai ser a base do expediente social que teremos a posibilidade de incorporalo tamén á historia sanitaria electrónica, o que está no programa Janus, un programa que é punteiro en todo o sistema nacional, que queren implantar o vindeiro ano o resto das comunidades autónomas, cando en Galicia leva dous anos, poderá implementarse.

Penso que non están en desacordo en que as intervencións sexan máis eficaces

que é o que se consegue con este Decreto. Non están de acordo co novo sistema de financiamento que implanta este Decreto, dende logo e moito máis xusto, estou de acordo co Sr. Domínguez Olveira en que os que menos teñen son os que menos teñen que pagar, e os que máis teñen son os que máis teñen que aportar e isto é o que consegue este Decreto autenticamente, porque pásase do sistema en que só se tiña en conta a renda do usuario a ter en conta as rendas da unidade familiar, e voulle por un exemplo, un pensionista con 800 euros antes tiña que aportar sobre esa renda de 800 euros independentemente das persoas que tivera a cargo, agora téñense en conta as persoas a cargo del porque pode ter convivindo con el a dous fillos parados e a unha esposa sen renda, entón divídese por catro, ou sexa é moito máis xusto.

Mente vostede cando di que as rendas máis baixas cofinancian, vostede di que no Concello por debaixo de 300 euros non pagaba ningún, con este Decreto tódolos dependentes con recoñecida dependencia, da igual o grao, un, dous ou tres, non pagan un só euro, pagan cero euros por debaixo ou igual do IPREM ou sexa 533 euros, subimos a non participación dos máis desfavorecidos. Esta achega é progresiva e moito máis xusta, unificase as achegas para tódolos concellos, porque non era lícito que un usuario vivindo na Avda. de Galicia se toca no Concello de Vigo pague diferente que si tocaba no Concello de Redondela, agora unifícase porque non se ten en conta a cofinanciación co custo do servizo senón coa capacidade económica da familia.

Por outra banda, voulle explicar exactamente como se fai a cofinanciación, insístolle tódolos dependentes por debaixo ou igual do IPREM non pagan nada. Como se fai? Tense en conta primeiro, as rendas da unidade familiar, segundo o patrimonio do usuario porque pode ter unha renda moi baixa e ter 300.000 euros na conta de aforros, o patrimonio familiar e todo isto divídese polos conviventes da unidade familiar. Tense en conta entón a situación desa viúva que vostede antes falaba, porque resulta que antes a viúva cando ingresaba ao seu home nunha residencia quedaba sen pensión porque o 75% quedaba para a pensión, agora tense en conta e ela non queda desfavorecida.

Por último, falaba vostede da Teleasistencia o único que fixo o Concello foi asumir o que tiña que ter asumido dende hai anos, e isto é posterior á implantación do Decreto 99 de 2012.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é asombroso o que digan vostedes que se senten orgullosos de subirlles os impostos á xente que máis o necesita xa non require réplica, xa o están dicindo vostedes, como se soe dicir “pola boca morre o peixe”. Todo o que dixeron despois é mentira, está claro que vostede non se leu a táboa que impón os prezos aos usuarios, vostede non sabe cal é a pensión de unha viúva menor de 60 anos, é de 477 euros, de acordo co seu Decreto a partires de agora teñen que pagar e non pagan pouco, estaría pagando sobre 100 ao mes dunha pensión de 400 euros; polo tanto, vostedes o que están facendo é igualando si é certo pero igualando por arriba , é dicir, a partires de agora que todo o mundo pague. O Concello de Vigo está facendo unha atención moi especial para estas persoas que teñen a persoas por debaixo dos cincocentos e pico de euros de rendas exentas de pago, agora o Sr. Feijóo decidiu que pague, e eu pregúntome se o que decidiu é porque son cidadáns de Vigo e como aquí estamos facendo unha atención especial por iso pon no Decreto que os concellos están obrigados a modificar a súa ordenanza de acordo coa con estas táboas. Xa lles dicimos dende aquí que non imos modificar as ordenanzas, agás que o Sr. Feijóo nolo diga e nos obrigue a traer a este Pleno as ordenanzas fiscais, nós non pensamos traelas e se nos obriga xa lle digo que votaremos en contra, porque nós non seremos nunca cómplices de subir os impostos aos cidadáns e moito menos aos máis dependentes.

Nestes seis anos fomos incorporando máis colectivos para que estiveran exentos de pagar por este servizo, porque vostedes cando gobernaban a partir de 360 euros xa lles esixían a renda. Nós practicamente o duplicamos ata cincocentos e pico de euros, non lles esiximos o pago porque sabemos que os cartos o necesitan para as súas necesidades básicas, para comer, lavarse, vestirse, e este servizo é precisamente isto, é un servizo para darlle dignidade ás persoas, son persoas dependentes que non poden valerse por si mesmas, moitas veces non poden nin saír á rúa porque as súas casas non están adaptadas para poder saír a rúa e necesitan unha persoa, si que son dependentes porque mentres a Xunta de Galicia non lles concede a Dependencia están neste servizo. Cando veñen aquí e piden este servizo é porque o necesitan e como vostedes dende a Xunta de Galicia tardan ano e medio en concederlles a Dependencia acóllense a este servizo, pero son tan

dependentes antes do papel como despois do papel o único e que vostedes non lle dan o papel que lle recoñecen como dependentes pero nós si, porque consideramos a persoa por enriba de todo e a súa dignidade. Por iso xamais aceptaremos unha imposición como esta, veña de quen veña, non pensamos subirlle as taxas da Dependencia a ningún usuario de Vigo.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, instando á Xunta de Galicia a supresión da Disposición derradeira 1ª do Decreto 99/2012, que obriga aos concellos a incrementar a taxa do SAF, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.(115).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE GARANTA AS BECAS DE COMEDOR, QUE DEIXOU DE ABONAR E QUE TIVO QUE ASUMIR O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 679/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de xuño, número 679/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“Desde que a actual crise económica comezase a sentirse no ano 2008, vemos que a sociedade española está cada vez máis angustiada, desesperanzada e desesperada.

Neste senso, sinalamos que un dos máis importantes efectos da crise é no ámbito das persoas menores cuxo problema principal constitúeo a diminución ou ausencia de ingresos económicos das familias.

A crise non só está aumentando a exclusión e a marxinalidade de determinadas familias -necesitadas de axudas antes de que se producise a actual conxuntura económica- senón que está desdebuxando as fronteiras da pobreza estendéndoa cara ás clases medias. Trátase de familias que se atopaban nunha situación normalizada pero que a prolongación da crise converteunas nun colectivo de "especial vulnerabilidade" como consecuencia, principalmente, da perda do emprego dun, varios ou de todos os membros da unidade familiar.

Neste contexto, desde o Partido Socialista denunciámos esta apremiante situación e describimos a realidade conforme á fotografía actual que nos obriga a esixir aos poderes públicos medidas ou accións que permitan paliar, na medida do posible, os nefastos efectos que esta profunda crise ocasiona ás familias e, en especial, aos menores.

Polo tanto o comedor escolar convértese nun servizo que transcende no ámbito educativo do mero recurso para solventar problemas de conciliación da vida familiar e laboral de pais dalgúns alumnos.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

1º- Instar a que a Xunta de Galicia garanta as becas de comedor, que deixou de abonar e que tivo que asumir o Concello de Vigo.

2º- Instar á Xunta de Galicia a que impulse medidas para ampliar o servizo de comedor en período non lectivo para o alumnado en situación de necesidade, como decidiu o Goberno de Andalucía. Trátase de ampliar o labor para que preste os seus servizos durante a época non lectiva de modo que se poida asegurar que os nenos máis desfavorecidos e cuxas familias se atopen en situación de necesidade reciban polo menos unha vez ao día, comida.”

A comisión informativa de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do 17 de xuño, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Nesta moción imos falar de nenos/as e vou dar, en nome do Grupo Socialista, argumentos máis que suficientes que xustifican os dous puntos

que pedimos, porque a estas alturas ninguén ignora que son moitas as familias que no noso país comen gracias aos bancos de alimentos, que se visten con roupa doada ou que viven acollidas en casas de familiares ou de amigos. A crise está afectando a persoas que con anterioridade nunca precisaran recorrer aos sistemas de protección social, especial impacto está tendo sobre as familias con menores ao seu cargo. A crise, o desemprego galopante e os desafiuzamentos xeran un panorama no que as situacións desesperadas emerxen, entre as múltiples vítimas están os nenos/as.

Hai máis de corenta anos que a fame deixara de ser un problema en España e agora témolo aquí de novo, son tempos de recortes e sen embargo a Xunta de Galicia e máis necesaria que nunca. Mentres que algúns fan recortes como a Xunta de Galicia que recorta 183.000 euros en comedores escolares o Alcalde de Vigo, Sr. Abel Caballero, ponos nos seus Orzamentos para que a máxima de ningún neno/a que o precise quede sen comedor, sexa na nosa cidade un feito e unha realidade como así está sendo.

Pero agora mesmo vemos como chega o verán, e con el chega o peche dos colexios e multiplícanse os problemas de dar de comer a moitos nenos que só o fan nuns comedores escolares que previamente foron obxecto de recortes en axudas sociais. O xantar do mediodía no comedor do colexio é por regra xeral a única comida quente que fan o día, cada vez máis número de nenos dos nosos cincuenta e dous colexios.

Segundo unha enquisa realizada o ano pasado pola Asociación Española de Pediatría, que representa máis de 9.000 pediatras, o 44% dos pediatras consideran que a diminución de ingresos das familias está afectando a correcta alimentación dos nenos. Neste contexto medidas xa establecidas como a bonificación de comedores escolares, contribúen a garantir unha alimentación adecuada, pero cando as condicións de privación se acentúan, non permiten dar unha cobertura suficiente no período non comprendido no calendario escolar.

Esta moción solicita a apertura de comedores escolares no verán para garantir unha comida digna ao día aos menores con menos recursos. Os nenos non son responsables da crise, eles non comeron por enriba das súas posibilidades, non pediron créditos, nin teñen hipotecas pendentes, son sen embargo dependentes que non teñen mecanismos de independencia.

Pero neste momento profesores e médicos din que hai síntomas que poden acender as alertas, nenos con pouca enerxía, apoucados, con dificultades para atender en clase ou que encadean arrefriados e infeccións. Hai nenos que os seus pais non pagan a cota do comedor, outros que manifestan que teñen fame e outros que proceden directamente de contornos en risco de exclusión. Unha dieta incompleta, explican os médicos, pode ter efectos futuros se as carencias sufríronse sobre todo nos dous ou tres primeiros anos de vida do neno.

Pero vemos como a Xunta de Galicia, o seu Conselleiro D. Xesús Vázquez di que non está programado ningún plan de garantía alimentaria, porque a comunidade é estrela en servizo de comedor. Pois ben, vemos como Educación colou pola porta de atrás a normativa do Decreto de repago, e digo de repago dos comedores escolares, faino antes de debatelo cos sectores afectados e despois de que fose rexeitado polo Concello Escolar de Galicia. A Consellería comezou a enviar aos colexios unhas instrucións respecto ao dereito aos comedores dos centros públicos que impón un pago de 4,5 euros. Son moitas as persoas que se preguntan como puidemos chegar aquí? Por isto propoñemos dúas cuestións, a primeira que a Xunta de Galicia garanta as bolsas de comedor que deixou de aboar e que tivo que asumir o Concello de Vigo.

Segundo, instar á Xunta de Galicia a que impulse medidas para ampliar o servizo de comedor en período non lectivo para que o alumnado en situación de necesidade, como decidiu o goberno de Andalucía, trátase de ampliar a labor para preste os seus servizos durante a época non lectiva de modo que se poida asegurar que os nenos máis desfavorecidos e cuxas familiar non se atopen en situación de necesidade, reciban polo menos unha vez o día comida.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente o pasado mes de marzo o goberno da Xunta decidiu un novo recorte no dereito da Educación. A actuación da Xunta de Galicia evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro nos sucesivos recortes, recorta no número de mestres, nos orzamentos dos centros e agora tócalle o recorte nos comedores escolares.

O Partido Popular sempre aproveita os recortes e agora máis na crise, para que entre o negocio, cambia o hospital público en privado para entre o negocio, recorta nas pensións. Moi pesado pero é a verdade, recorta na Sanidade, nas pensións para

que entre o negocio nos bancos e recorta na Educación, nos comedores escolares para apoiar ao ensino privado.

Ademais o Partido Popular faino de maneira antidemocrática, non lles importa que o Consello Escolar de Galicia estivera en contra, votara en contra, non lles importa que se vulnere a igualdade de oportunidades, e ademais sáltanse un procedemento legal, porque é preceptivo negociar o Decreto e non negocia, porque para o Partido Popular negociar cos axentes sociais é un estorbo, iso hai que eliminalo.

Os comedores escolares xestionados pola Consellería de Educación deixarán de ser gratuítos para o 34% dos usuarios dos centros públicos galegos. Ademais vai subir o prezo máximo do menú sobre un 40%, ata agora os servizos sen custe era para o 91% dos escolares e agora o vai ser só para o 56,74%. Preguntado por esta situación o conselleiro o que responde é que di que non hai onde quitar, que insensibilidade que un Conselleiro de Educación este recortando nos comedores escolares e di que non ten onde sacar, como se pode ser tan insensible. Por isto, o Bloque Nacionalista Galego no Parlamento Galego tivo iniciativas políticas, unha proposición non de lei e unha interpelación para que o Parlamento de Galicia instara á Xunta de Galicia a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares, ofertando un servizo de comedor de calidade aos alumnos que precisaran deste servizo e garantira así o dereito á Educación.

Parécenos moi ben que o Partido Socialista se preocupe neste momento de crise por esta situación, pero quero lembrar que foi o Bloque Nacionalista Galego, nos orzamentos do Concello, quen propuxo unha emenda de 3.200.000 euros, precisamente para esta situación de crise, un plan social contra a crise, é unha mágoa que o Partido Socialista atrasase a súa aplicación e ademais a recortara, porque era un mecanismo para paliar esta situación que están padecendo moitas familias.

Imos votar a favor da moción porque o Bloque Nacionalista Galego non vai estar nunca de acordo en medidas de recortes que atenten contra un dereito fundamental como é unha educación pública e de calidade.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Voulle dar a razón a unha frase memorable do meu compañeiro Sr. Fidalgo Iglesias nunha rolda de prensa que dicía que o Alcalde merecíase un “Goya” polo mellor maquillaxe, é certo de verdade.

Esta moción está totalmente maquillada porque primeiro, xa se presentou hai dous meses o primeiro punto e agora nese xogo o que se está vendo é que aquí ninguén traballa, porque ademais cópiase o segundo punto dunha iniciativa parlamentaria de AGE, e cópiase a fotografía do Partido Socialista en Andalucía, nada recomendable copiarlle a Andalucía eu copiaríalle unica e exclusivamente a actitude do Sr. Griñan a retirarse, é algo que deberían de tomar nota algúns socialistas galegos.

Pero mire que non se confunda ninguén, visto este “tapadillo” de querer meter nunha trampa ao Partido Popular que non se confunda ninguén, que o saiba todo o mundo, os socialistas e nacionalistas non están dispostos a sacrificarse o máis mínimo polo demais cidadáns, por difícil que sexa a situación económica e por moito que se lle encha a boca falando de solidariedade, moita solidariedade nos seus discursos pero ningunha cando tocan os seus intereses. Si lles interesara realmente a cidadanía e os nenos que teñen problemas na súa alimentación, pois investirían 14.000 euros das entradas da “Bela e Besta” en comedores, as mariscadas que apareceron dentro da seda do Partido Socialista vigués tamén podíanse investir e non digo da mariscada de Ourense, non vou tocar o tema de Andalucía porque é excesivamente morboso, a min iso non me vai e por non falar doutro tipo de cuestións.

Esta moción está totalmente maquillada e non me creo a solidariedade dos Partidos, porque a min que me expliquen a frase de dona Elena Valenciano cando dixo o outro día que o Partido Socialista non esconda na cova da esquerda, díxoo ela. Vostedes están perdendo tódalas siglas do seu partido, nin a S, nin a O, nin a E quédalles, entre interrogantes a P, eu creo que é un partido politicamente falando que debería de cambiar as siglas por PB, Partido Bipolar.

Esta moción que presenta o Partido Socialista ante o Pleno é o maior exercicio de responsabilidade política porque xa a repetiron, e de abafadora hipocrisía social. Vostedes inventaron, que me escoite o Sr. Rodríguez Díaz, e impuxeron o copago nos comedores escolares, lémbroo ben a conselleira chamábase Sra. Laura Sánchez Piñón, e o Bloque Nacionalista Galego era o seu socio do goberno ou mellor dito, xa o dixen noutro Pleno, “os amantes pasaxeiros”. Daba igual, vostedes amparábanse baixo a incongruencia e a pretendida superioridade moral da que creen gozar os socialistas e lévalles á arrogancia máis inusual nun Estado de

Dereito. Vostedes non critican as medidas do goberno do Sr. Feijóo porque pensen que son negativas, as critican porque son persoas as do Partido Popular as que gobernan e porque criminalizan aos seus votantes, militantes e representantes políticos, ampáranse baixo ese falso paraugas da esquerda, para vostedes a educación é un instrumento e ademais un instrumento que roza o desequilibrio da igualdade entre as persoas. Lémbrolles que as nenas e nenos do colexio Altamar comen amoreados por culpa dunha decisión do Alcalde de Vigo, de non ceder uns terreos que un día prometeu cédelos.

O triste de todo é que estamos totalmente illados, non lles interesa que a Universidade de Vigo se acha situado entre as cen máis destacadas do mundo. Tampouco din nada dun equipo do CHUVI áchase convertido en referencia para toda España no tratamento da dor pélvica ou de que de Balaidos saia un novo modelo de coche para todo o mundo, prefiren saír con outro tipo de cousas, con concentracións, necesitan vostedes baños populistas como os grandes señores doutro lado do Atlántico.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Non sabía que ía respostar vostede Sr. Relova, pero algo intuía cando dixen que esta moción fala de nenos/as porque vostede a parte de insultar gravemente e ademais pídlle que retire esas verbas e senón nós nos reservamos as accións que teñamos que facer.

En segundo lugar, digo que algo intuía de que non ían falar dos nenos/as porque vostedes, evidentemente, téñeno moi difícil falar de que están facendo algo polos máis desfavorecidos, o que estar a facer vostedes é recortar duramente e sobre todo aos que menos teñen, aos que menos teñen pónenlle máis cargas.

Os socialistas somos ademais os verdadeiros impulsores da política social, todo o mundo sabe que somos os socialistas os que impulsamos a política de ben estar, e saben como se impulsa? Con lexislación, a través de lexislación, esa é a verdadeira fórmula, non hai outra e con orzamento para apoiala e vostedes o que fan e todo o contrario, Sr. Relova. Eu voulle lembrar de que o Concello está aportando 656.000 euros para gastos de comedor, actividades extra escolares e aulas matinais, que incrementamos, reitérolle, a partida e 183.000 euros que deixou de aboar a Xunta de Galicia e o Alcalde dixo que se asumía porque non quere ningún neno/a sen comedor, esa é a máxima do Alcalde que todos lle recoñecemos, é un feito hoxe na

nosa cidade.

Hoxe os nosos 52 centros públicos financian actividades de 9.000 escolares, préstase servizos de comedor a máis de 2.320 alumnos en 30 comedores que xestionan as ANPAS, hai un orzamento para bolsas de libros e comedores máis o que aporta Benestar Social que chega a 1.656.00 euros, un incremento de 330.000 euros, é dicir, un 25% máis con respecto ao 2012. Para libros duplicase a partida do ano pasado, ademais das bolsas de comedor que lles quero lembrar que son de 3.813 nenos/as, dos que vostedes non queren falar e eu, o Partido Socialista, quérelle falar de nenos/as. Dámoslles algunhas ideas por se non se decataron, en Canarias, xa non vou a Andalucía, contrataron 317 monitores e 21 coordinadores para ter abertos do 1 de xullo ao 31 de agosto para que os nenos/as que o necesitan, en Estremadura que gobernan vostedes existe un Plan de apoio ás familias para que teñan comedor en xullo e en agosto, en Andalucía é o máis coñecido gobernamos os Socialistas e hai creado unha rede de solidariedade. Pero tamén hai outras experiencias noutras comunidades e vostedes néganse, o Partido Popular de Vigo, a esixirlle ao Partido Popular na Xunta de Galicia que atenda aos nenos/as de Vigo, vaia vergoña señores do Partido Popular.

A PRESIDENCIA: Sr. Concelleiro hai unha emenda que di, titula como primeiro punto “Instar a que a Xunta de Galicia garanta as bolsas de comedor que deixou de aboar e que tivo que asumir o Concello de Vigo”, esta é a proposta do Grupo Socialista. O Partido Popular propón que se elimine esa parte, é dicir, que non instemos a Xunta de Galicia a que siga pagando as bolsas de comedor. Acepta vostede esa emenda a votación?. Non se acepta, polo tanto procedemos a votación da moción.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso,

Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, instando á Xunta de Galicia as becas de comedor que deixou de abonar e que tivo que asumir o Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1(116).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de maio 2013 e 24 de xuño de 2013.

1.2(117).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POLOS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó

correspondente Libro de Resolucíons, entre as datas 23 de maio de 2013 ó 24 de xuño de 2013.

1.3.(118).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, NOMEANDO NOVOS REPRESENTANTES VECIÑAIS NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES E NO PARQUE DAS CIENCIAS VIGO-ZOO, POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR. EXPTE. 677/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de xuño de 2013, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 8 de xullo de 2011, prestaba aprobación á proposta da Alcaldía de data 5 de xullo, referente ao nomeamento de representantes da Corporación nos organismos autónomos municipais. No dito acordo constaba a distribución dos sete vocais veciñais que debían propoñerse polos grupos políticos municipais.

Ao tempo, dito acordo facultaba ao Alcalde para o nomeamento dos vocais veciñais mediante resolución.

Mediante escrito de data 13.06.2013, o voceiro do grupo político municipal do Partido Popular remite escrito ó Rexistro Xeral do Pleno propoñendo a esta Alcaldía o nomeamento de diversos vocais veciñais en dous dos tres organismos autónomos nos que existe esta representación, en substitución dos nomeados mediante Resolución de data 10.11.2011.

De conformidade coa proposta realizada RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a miña Resolución de data 11 de novembro de 2011, sinalando para os organismos autónomos que se citan a seguinte representación veciñal.

INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES:

-D^a Carlota Muñoz Pose, en substitución de D. Alejandro Pérez Davila.

PARQUE NATURAL DAS CIENCIAS VIGO-ZOO:

-D^a Pilar González Rodríguez, en substitución de D. Rafael González Rodríguez.

Segundo.- Notificar a presente Resolución ó voceiro do grupo político municipal do

Partido Popular e ós interesados.

Terceiro.- Dar conta desta Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non houbo.

4.- MOCIÓNS.

4.1.(119).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A TRANSFORMAR O USO E CONTIDOS DO VERBUM, CREANDO UN NOVO ESPAZO PARA ARTES PLÁSTICAS, FOTOGRAFÍA, DESEÑO, MÚSICA, ETC. EXPTE. 676/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de xuño, número 676/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“Ante a preocupación do alarmante abandono do museo Verbum e as escasa visitas que ten este centro o grupo municipal do Partido Popular presenta esta iniciativa ante o pleno do concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a transformar o uso e contidos do Verbum, ou compatibilizar coa creación dun Novo Espazo para a nova creación contemporánea relacionada coas artes plásticas, fotografía, deseño, música, cine, xestión e produción. Contidos que se deberían de desenvolver a través dos diferentes

festivais e manifestacións culturais que se vinculen coa cultura, solidariedade, medio ambiente, etc.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 17 de xuño, ditaminou favorablemente a anterior moción.

(Neste intre preside a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego.)

DEBATE.-

SR. RELOVA QUINTEIRO: A oposición é verdadeiramente difícil é ten unha parte construtiva dende o Partido Popular e leal, e é un exercicio constante de sorprenderse e descubrir cousas.

O Grupo Municipal do Partido Popular na súa liña de aportar alternativas, propostas presenta hoxe ante a Corporación a posibilidade de cambiar, ou polo menos compatibilizar a Casa das Palabras “Verbum” por un proxecto de diferente actividades ou que se estuden posibles fórmulas para revitalizar unha estrutura idónea para unha cidade europea, moderna, con vocación marítima e cunha enorme cantidade de talento creativo. É o momento de afrontar de forma decisiva, fórmulas para salvar o Verbum que unha vez máis poñen en evidencia a escasa atención por parte do goberno municipal a súa rede de museos e as accións culturais na nosa cidade.

A nosa proposta non é única, pero propoñemos salvar un gran colector converténdoo nun espazo con moitas posibilidades e que o gran protagonista sexa a arte como xerador de investigación básica. Un espazo dedicado á creación e á investigación sonora que conte con oficinas, estudos para músicos, de gravación e unha zona de conferencias e encontro, radio e un espazo onde xa se celebraron varios festivais e numerosas actividades e que podería converterse nun dos máis abertos é dinámicos, no que se poderían desenvolver actividades dende as expresións artísticas máis vangardistas a cursos e talleres sobre áreas como Medio Ambiente ou Solidariedade.

Unha programación cultural que puidese ofrecer artes escénicas, cine, exposicións e outras manifestacións da creación contemporánea. O propio Ente podería producir unha amalgama de tódolos servizos que actualizarían o espazo ás necesidades e normativas de principios de século XXI. Dende este centro

apoiaríase ao mozos creadores polo desenvolvemento das súas iniciativas, por exemplo en Vigo non existe un programa de artistas en residencia organizado e apoiado dende o Concello. Ademais podería contar con recursos como biblioteca, mediateca, hemeroteca, laboratorio de radio, fotográfico e multimedia accesible a tódolos públicos. Dentro da área de Cultura, deste futuro proxecto poderíanse desenvolver literatura, pensamentos, artes plásticas, escénicas e artes audiovisuais, así como talleres, seminarios, cursos e proxectos que se encargarían de agrupar a oferta educativa da área de impulsar a utilizacións dos espazos de recursos para a creación de que se dispoñería.

Pero estamos a falar dun proxecto onde a solidariedade debería de ter un importante lugar na formulación de contidos e actividades, as accións dirixidas á mellora da sociedade, enfocando os esforzos, fundamentalmente, a apoiar as persoas e institucións que traballan con colectivos desfavorecidos, dando a coñecer ao público en xeral que se interese polo cambio social e a reflexión sobre os valores solidarios afondando con eles.

Imposible esquecerse do entorno que rodea ao Verbum, a sostenibilidade debería de ser un dos piares básicos da programación de medio ambiente e dar cabida ás inquietudes tanto dos individuos como dos colectivos na consecución dunha sociedade máis comprometida co obxectivo común dun desenvolvemento máis respectuoso co noso entorno.

Ademais de talleres de formación, cursos, foros e exposicións o Área de Medio Ambiente desenvolvería un programa educativo para escolares, que apoiándose en exposicións temporais que se programan ao longo do ano, traballaría co alumnado o medio ambiente urbano.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vostede acaba de dicir unha cousa que a min persoalmente como compañeiro seu de Corporación molestoume, na anterior dixo “aquí non traballa ninguén”, aquí hai concelleiros que eu coñezo, os do Bloque Nacionalista Galego, que traballamos e vimos aquí para defender esta cidade e para traballar.

Vou ler a súa moción, di: “Ante a preocupación do alarmante abandono do Museo do Verbum e as escasas visitas que ten este centro, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta iniciativa ante o Pleno do Concello de Vigo” e despois segue

vostede dicindo “polo anteriormente exposto”, non sei que expuxo vostede nesta moción, absolutamente nada, simplemente o acordo, por isto o que hai que ter, e eu doulle un pequeno consello, un pouco de respecto polo que fan os membros desta Corporación, porque non só traballa vostede, e as veces traballa e bastante mal. Vou dicir porque creo que traballa bastante mal, como por exemplo nesta moción. Vostede ven aquí a establecer un proxecto para o Verbum e demostra un descoñecemento da realidade cultural desta cidade que é para empezar a tremer. Vostede está propoñendo, dentro do Verbum, cousas e cuestións que este Goberno Municipal, que aí si que coincide con vostede, que a nivel cultural non está facendo absolutamente nada planificado, pero que tiñan que darse e dotarse en centros que xa temos na nosa cidade e coordinar e planificar a acción cultural, porque vostede fala de que o Verbum podería ser para estudos para músicos, gravacións de música, temos un gran local que é o VigoSonico para iso que hai que coordinar. Vostede di as artes escénicas, que artes escénicas se vostedes se cargan absolutamente todo o teatro aficionado galego? Ademais para iso temos que explotar, como fixemos cando nós tiñamos responsabilidade en Cultura, o noso auditorio municipal. E logo fala de que aí poderíanse meter tamén artes plásticas, para iso o que ten que facer o Concello e o Goberno Municipal é potenciar as distintas salas de exposicións municipais que temos Casa de Artes, Casa Galega da Cultura, a Pinatoceta que está deixada da man e é o Centro de pintura contemporánea galega máis importante que ten hoxe este país. Por falar tamén fala vostede de fotografía, o que ten que esixirlle vostede, como fixemos nós a este goberno local, é que dunha vez por todas abran o Centro Galego de Fotografía que para iso o Bloque Nacionalista Galego esixiu unha partida de 500.000 euros para a súa posta en marcha.

Sr. Relova non se pode vir a gustarse a un Pleno, hai que coñecer a realidade cultural desta cidade, o que vostede ten que demandar a este goberno local, e eu aproveito esta moción para demandarllor, o Verbum nos dous últimos anos que gobernou o Bloque Nacionalista Galego a Área de Cultura empezou a aumentar as visitas, saben por que? Por que se fixo un traballo coordinado cos distintos museos da cidade, nucleando en torno ao noso gran museo o Quiñones León e por que se fixeron contactos cos distintos colectivos culturais, cos centros da nosa cidade, había unha planificación estable de exposicións itinerantes e exposicións

permanentes. Había en definitiva unha xestión no Verbum que agora, señores do Partido Socialista, non existe, recortan horarios de visita, a atención ao público etc. Así é normal que o número de visitas descenda.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, non imos apoiar esta moción porque o que vostede propón nesta moción é exactamente o mesmo que está facendo o goberno municipal pero noutro sentido, descoordinación absoluta, falta de planificación e absoluto descoñecemento do que son os colectores culturais que hoxe si ten a nosa cidade.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Coincido realmente con Sr. Domínguez Olveira na valoración da proposta que se trae aquí, ou non proposta senón algo xenérico que realmente non creo que aporte moito. É evidente que dende o goberno municipal somos conscientes de que o Verbum considerado como tal é un proxecto que está esgotado e así o revela a incidencia das visitas que teñen as actividades e o alto custe que ten en relación coas mesmas.

Pero tamén é verdade Sr. Relova, de que o cambio de modelo do Verbum é algo que só se pode facer a partir deste ano, derivado de que foi construído recentemente con financiamento tamén de Fondos Europeos e non permite o cambio de destino ata que transcorra dez anos e niso estamos. Vostede sabe ademais, porque o podemos falar, de que realmente hai unha preocupación neste sentido non só polo tema do Verbum, senón por darlle un contido de cohesión á rede museística e expositiva do municipio de Vigo e niso estamos, Sr. Domínguez Olveira, porque se hai algo que realmente percibimos é a desintegración desa rede museística e queremoslle dar unha coherencia e un contido para realmente optimizar os recursos da mesma.

Neste sentido entran as diversas propostas que temos para a modificación do destino do Verbum e algunha das cales foron herdadas da lexislatura anterior e outras realmente aportadas pola miña antecesora, son propostas moi válidas todas elas que haberá que discutir. Pero realmente é un tema que transcende e que debe transcender, creo que lexitimamente, o que é a capacidade dun grupo de goberno, independentemente da súa lexitimidade, para que realmente se poida poñer en valor. É algo que transcende porque realmente queremos que teña un reforzo superior derivado da necesidade de que saia do diálogo social, a modificación do

Verbum e da rede museística global hai que redefinila cun amplo contido e consenso social e profesional, e niso estamos, e vostede tamén o sabe porque o comentamos e estamos en contacto con grupos de expertos da Universidade da Santiago de Compostela e de Vigo que, estamos redefinindo e posteriormente o levaremos aos ámbitos sociais e políticos da cidade para que realmente se faga dende o consenso algo que nunca debería ter saído deste.

Polo tanto agradézolle, como non, a proposta de que haxa que modificar o contido do Verbum, non estou de acordo en absoluto con eses apuntes que fixo vostede porque realmente como di o Sr. Domínguez Olveira, ten outros ámbitos onde dedicarse, e sería unha duplicidade do mesmo, pero realmente hai unhas propostas que proximamente levaranse aos ámbitos políticos e sociais para que se valide e apostar polo mellor proxecto, non só para o Verbum senón en coherencia coa rede museística e expositiva de Vigo que realmente necesita esa integración non só de imaxe, que xa se vai conseguir, senón de contidos.

Neste sentido non estamos de acordo coa proposta e votaremos en contra.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Por partes é rapidamente, eu creo que gustarse a un mesmo é unha enfermidade psiquiátrica que vulgarmente a psiquiatría chama narcisismo e sinceramente non creo que padeza esa enfermidade.

É curioso que cando vostede e a Sra. Veloso Ríos non teñen argumentos para as nosas mocións, as miñas particularmente, se metan comigo a nivel persoal, a Sra. Veloso Ríos na última ou na penúltima díxome que menos mal que non era o concelleiro de Cultura que irían as cousas moito peor. Eu por respecto a Sr. Rodríguez Escudero e a Sra. Abelairas Rodríguez non contesto, pero xa está ben de meterse cun. E ademais, cando falei de que non traballa ninguén, referínme ao goberno municipal.

Outra cousa, non escoitou a miña moción porque non lle interesou, non hai máis xordo que o que non quere oír e nin peor cego que o que non quere ver. O propio ente, dixen exactamente, o edificio podería producir unha amalgama de tódolos servizos que actualizarían o espazo ás necesidades e normativas de principios do século vinte e un, como non vou a saber eu do que estamos falando da cultura en Vigo é que podíamos ter falado sinceramente sigo dicindo que aquí hai unha potencia de talento creativo, unha xuventude desatendida que non se lle axuda e

como non vou saber eu o que é a Casa da Cultura, a Casa das Artes, en fin, é todo demagogia e por meterse cun. Ademais se vostede compara o Porto con tódolos colectores culturais como dalgunha forma se formulan e son específicos para certas cousas e sobre todo vangarda, xuventude etc. Ocorre o mesmo co edificio famoso de “Matadero” en Madrid, ou a famosa “Casa Encendida” tamén en Madrid por non falar de tódolos espazos que existen en Barcelona.

Pero é que evidentemente aquí do que se trata é de cohesionar, dar proxectos, alternativas e sobre todo un espazo que a min me parece que se esgotou porque se deixou esgotar iso tamén é certo, o Sr. Rodríguez Escudero di que se esgotou, esgotouse porque cando comezou era un proxecto impecable, lembro que estaba o Sr. Lois Pérez Castrillo de Alcalde e un concelleiro de Cultura que se chamaba D. Carlos Príncipe. Pero como estas dúas persoas ao mellor non conveñen pois é mellor dicir que se esgotou, a verdade é que se deixou esgotar e a verdade é certo que durante o bipartito neste Concello a Cultura, eu son sincero e non ando con disimulos, nin vou buscar narcisismo, ía moito mellor, evidentemente porque había unha planificación e unha coordinación. Aquí se fala de Castrelos que está abandonado, ninguén sabe do que hai en Castrelos das horas de apertura, a sala da Pinacoteca pero si é o Partido Popular o que sempre lle está botando un cable a Don Santiago Domínguez lembrando a cuestión do fototeca, lembrando o tema do Verbum.

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de

calidade producíndose o seguinte,

ACORDASE:

Rexeitar a moción formulada (Rexistro entrada Pleno 12.06.2013) polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando ao goberno municipal a transformar o uso e contidos do Verbum.

4.2.(120).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL O ESTUDO, DISEÑO E EXECUCIÓN DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS DE MOBILIDADE REDUCIDA. EXPTE. 675/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de xuño, número 675/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte moción:

“A proliferación de obras na cidade de Vigo orixinou o incremento de barreiras arquitectónicas en numerosas rúas da cidade e a eliminación de prazas de estacionamento para cidadáns con mobilidade reducida. Deste xeito, os vigueses con mobilidade reducida viron diminuída considerablemente a súa calidade de vida e teñen cada vez máis dificultades para desenvolver a súa autonomía persoal.

Os proxectos de humanización de diversas rúas impulsados pola concellería de Fomento e a Alcaldía inclúen moita ornamentación pero non contemplan a posibilidade de habilitar prazas de estacionamento para o colectivo citado.

Como exemplo citamos as rúas Julián Estévez, Barcelona ou as inmediacións do pavillón deportivo de Bouzas.

Por este motivo consideramos que os proxectos de humanización de certas rúas son proxectos inhumanos xa que incrementan considerablemente as barreiras arquitectónicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a:

1. Que realice un estudo, deseño e execución de prazas de estacionamento

para persoas con mobilidade reducida en tódalas rúas da cidade.

2. Que habilite con urxencia ditas prazas nas rúas Julián Estévez, Sanjurjo Badía e Barcelona. “

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 17 de xuño, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Outro Pleno máis vémonos na obriga de presentar unha moción vinculada ás obras das que en ocasións son, mal chamadas, humanizacións da cidade e dalgunhas zonas da cidade porque tamén vimos noutras mocións que o Vigo de segunda prevalece.

O fío da anterior moción, vemos que a proliferación de obras en planificación na cidade ten orixinado un incremento de barreiras arquitectónicas numerosas en moitas rúas e a eliminación de prazas de estacionamento para cidadáns con mobilidade reducida, un problema que se incrementa e os que o sofren sábeno ben, que son os que precisamente fan a petición porque esta é unha moción por petición masiva do colectivo de persoas con mobilidade reducida.

Cos enlosetados de moitas rúas os vigueses e os visitantes con mobilidade reducida ven a diario diminuída considerablemente a súa calidade de vida, insisto, e teñen cada vez máis dificultades para desenvolver a súa autonomía persoal.

Os proxectos de humanización, cito literalmente un escrito de veciños facendo peticións, de diversas rúas impulsadas pola concellería de Fomento e Alcaldía inclúen moita ornamentación pero non contemplan a posibilidade de habilitar prazas de estacionamento para o colectivo citado. De feito, en moitas rúas teñen suprimido na súa totalidade as prazas e en moitas ocasións cando había dúas deixan unha, e en case tódalas ocasións cando había unha ou dúas agora deixan ningunha, caso por exemplo do Areal que eliminaron dúas prazas de estacionamento porque é o máis recente, pero está Vigo cheo da supresión deste tipo de prazas de aparcamento. Outros exemplos que citamos, e citamos especificamente na moción, son as rúas Julián Estévez, Barcelona ou as inmediacións do pavillón deportivo de Bouzas onde as persoas con mobilidade reducida teñen dificultades non so para estacionar senón tamén para desprazarse,

é dicir, non só é que eliminan as prazas de aparcadoiros senón que o incremento de barreiras arquitectónicas cada vez é maior.

Por este motivo consideramos que os proxectos de humanización de certas rúas son proxectos inhumanos, e como dixen en Vigo non só queremos fermosura e cidade fermosa senón que precisamos unha cidade cómoda, funcional, útil, é dicir, queremos unha cidade fogar, e unha cidade estado como un artigo que liamos hai pouco. A verdade é que é unha cidade que ultimamente non late, eu xa teño dito aquí neste Pleno e aínda por enriba póñense trabas para moverse con facilidade pola cidade. É verdade que parece unha cidade “estado” porque diminúen os usuarios de VITRASA polo pésimo servizo que ofrece o custo do billete, isto xa está deixando de ser un municipio é verdade, é unha cidade estado de orde, e mando, aquí nin opina nin fala ninguén que non sexa o Sr. Caballero, entón iso non gusta e aínda por riba as non planificacións das obras que fan vostedes pois xeran aínda máis problemas a moitos colectivos. Ese colectivo importante, que xa bastantes dificultades ten na súa vida, pois agora ve incrementado aínda máis o que é a mobilidade e se lle complican aínda máis as cousas para desprazarse por Vigo, insisto, non só a supresión de prazas senón tamén os desniveis na maior parte das rúas, as alturas das beirarrúas, é dicir, que facendo unha recompilación de tódalas queixas dos veciños vemos que isto ten un fío común e que iso, a falla de planificación, o incremento dos desniveis na rúas, por exemplo, agora na rúa Brasil están facendo vostedes unha aberración cunhas beirarrúas dun tamaño como as do Areal para unha rúa que ten moito tránsito de tráfico, e fai que a cidade perda o seu sentido de utilidade e a xente non flúa pola cidade, é dicir, quedará outra rúa deserta.

Hai varios casos nas que a suposta mellora das beirarrúas, espazos peonil por exemplo na rúa Julián Estévez como dixen eu é unha obra desenvolvida dentro do carril bici, xardiñeiras, puntos de luz etc.; pero imposibilidade total de de habilitar prazas de estacionamento para este colectivo de persoas que como dixen precisan espazos exclusivos para poder moverse e desprazarse coa mesma calidade de vida que o resto das persoas que teñen 100% de mobilidade. Polo tanto, vostedes fan a obra e logo hai que levantala rúa para dotala de servizos non só das prazas de estacionamento senón doutros servizos como xa vimos, hai que levantar para poñer tubos adecuados etc.

Tamén facer aquí unha apuntamento e deberían vostedes intensificar o control do uso das tarxetas porque ese é tamén outro fraude aínda que sería outro tema, pero que ao goberno municipal non lle interesa absolutamente nada.

Cito tamén outro escrito dunha veciña, na parte baixa de Teis moitos veciños non fomenta nos seus hábitos de vida debido á hostilidade e a forte intensidade de tráfico e falla de estacionamento, optando por zonas máis amables e cómodas que non “humanizadas”, entón isto pois é reiterativo e nós estamos completamente de acordo con estes veciños porque vémolos a cotío que eliminan vostedes as prazas de estacionamento e que están facendo unha cidade complicada para os desprazamentos.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente Vigo non é unha cidade doada para as persoas con mobilidade reducida, polas súas propias características orográficas, pero ademais non é unha cidade doada porque durante moitos anos non se fixo absolutamente nada por axudar á mobilidade das persoas con mobilidade reducida. Cando o Bloque Nacionalista Galego chegou ao goberno en 2007 tivo que esforzarse, durante catro anos, para poñer en marcha moitas medidas para axudar á accesibilidade das persoas con mobilidade reducida que estaban enriba da mesa deste Concello, dende había anos, e que ninguén fixera nada por poñer en marcha, poño por exemplo o caso do BonoTaxi que foi unha demanda que xa se fixo no Consello de Accesibilidade en 2005, gobernando o Partido Popular, que daquela escoitaba e reuníase cos colectivos, tomando nota das demandas que tiña pero non facía nada. O BonoTaxi non se puxo en marcha ata que chegou o Bloque Nacionalista Galego ao goberno, que puxo en marcha o BonoTaxi, que investiu máis de dou millóns de euros do Plan Feil na accesibilidade de 26 inmobles municipais, que engadiu máis de 200.000 euros para accesibilidade noutras dependencias municipais, que concedeu axudas por case 70.000 euros para arranxos en vivendas para persoas con mobilidade reducida e ademais, o único que fixo foi poñer en marcha e materializar unha demanda que levaba facendo hai moitos anos neste Concello.

Esta moción que presenta agora o Partido Popular, que nós imos apoiar porque é unha demanda que tamén ten o Bloque Nacionalista Galego, parécese a unha moción que presentou o Bloque Nacionalista Galego en Xaneiro de 2007, no que lle

pedía ao goberno da Sra. Porro que repuxese as dezaoto prazas para persoas con mobilidade reducida que eliminou na humanización do contorno da Alameda.

Quero lembrar que aquelas si que eran humanizacións inhumanas, dezaoto prazas se eliminaran daquela e houbo que presentar unha moción que foi aprobada por unanimidade e que supuxo a recuperación dalgunhas das prazas, non de todas porque se eliminaban prazas no seu conxunto e o que se mantiña era a porcentaxe, non o número.

Nesta cidade hai toda unha serie de problemas non só relacionados con dependencias municipais tamén relacionados con dependencias autonómicas, por exemplo, e quero lembrar que cando se construíu o edificio da Xunta de Galicia o Comité de Empresa da Consellería de Asuntos Sociais, que daquela dirixía a Sra. Corina Porro, denunciaba que non existían prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida, que as ramplas incumprían a normativa vixente, que os ascensores non tiñan as dimensións adecuadas para albergar a usuarios de determinadas cadeiras de rodas, que non había mobiliario de descanso e que o pavimento non era antiescorregadizo. No canto de resolver estes problemas, por exemplo, o que se fixo foi trasladalo o servizo de diagnóstico a Torrecedeira, no canto de estar no edificio da Xunta de Galicia na Praza da Estrela, ou por exemplo, agora mesmo, non só se desprazan as persoas con mobilidade reducida nos seus vehículos particulares, tamén recorren a un servizo como 065. Pois esperemos que este verán non pase o mesmo que o que pasou en Xullo do ano pasado nesta cidade cando dúas persoas, de avanzada idade e cun alto grado de dependencia, solicitaron o servizo do 065 coas súas noventa e seis hora de antelación, foron buscalos con media hora de atraso pero foron buscalos a súas residencias pero despois os deixaron tirados e non foron buscalos para devolvelos a súas residencias e estiveron durante horas a 32 grados e ao sol. Esa reclamación está na Xunta de Galicia e esperemos que non se volva reproducir nunca máis.

Acaban de aprobar no Parlamento Galego unicamente cos votos do Partido Popular a Lei do Taxi, que non contempla unha porcentaxe obrigatoria de vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida, non só son as prazas de aparcadoiro as necesarias para garantir a mobilidade das persoas con capacidade de mobilidade reducida, pero aínda así evidentemente igual que fixemos en 2007 cando gobernaban vostedes, farémolo agora e imos seguir demandando prazas

reservadas para aparcas os seus vehículos as persoas con mobilidade reducida.

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que todo o mundo temos, Sra. Egerique, a sensación de que vostedes non se decantan de nada, e esta moción o confirma aínda máis. Toda a súa obsesión polas humanizacións, agora chámalle inhumanizacións, a plasma nesta moción en un tema tan sensible co que só fai demagogia e que está chea absolutamente de falsidades.

Débolle recoñecer política e persoalmente que dende que vin esta moción indignoume porque non traen aquí vostedes o debate sobre humanizacións e sobre todo o que logo fala, menos de prazas de mobilidade reducida senón que a utiliza para outros argumentos, insisto, nun tema tan sensible.

A primeira falsidade é que o 1 de xaneiro de 2008 cando arrancan as humanizacións nesta cidade había 405 prazas para aparcadoiros de persoas con mobilidade reducida e neste momento Sra. Egerique hai 567 prazas, un 40% máis, aquí esta, se vostede en vez de facer demagogia sobre as humanizacións me houbera preguntado e pedido este documento teríao. O estudo que vostede propón, Sra. Egerique, é este, difícil de plasmar e aquí é onde hai prazas para persoas con mobilidade reducida, en toda a cidade, hai un estudo distrito por distrito onde así se reflicte, un 40% máis, con 300 localizacións ao longo da cidade e vostede fala de que imos en contra da calidade de vida das persoas con mobilidade reducida? É o colmo o seu descoñecemento, é que non se pode vir aquí a crear alarma entre os cidadáns de que pareza que non hai prazas de aparcadoiro, que iso é do debería falar, non de canalizacións ou doutras cuestións.

É, certamente, non se decatan e por iso son capaces de facer unha moción como esta, en tódalas humanizacións contéplase o tema da cota cero dende a Concellería de Fomento, Sra. Egerique, e isto pasa por Mesa de Contratación e é moi grave o seu descoñecemento. Pero é que a maiores a maior falsidade que vostede traslada aquí é que hai unha reclamación de colectivos de asociacións que piden a situación de prazas cando isto é mentira, pero mentira, porque tódalas solicitudes que houbo atendéronse, e agora volve a falar dunha en concreto, pero todas, porque estou convencido de que si fora como vostede di tería vido aquí cun montón delas.

Este é o mapa da cidade Sra. Egerique o que lle ensinei, si tivera realmente

interese polo tema tería actuado doutra maneira. Mire pide un estudo aquí está, pide un deseño e unha execución aquí está, logo xa o colmo Sra. Egerique é que vostede pida por zonas concretas, pero dende cando non pasa vostede pola rúa Barcelona? Pasou algunha vez pola rúa Barcelona? A rúa Barcelona que ten vinte e unha prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, e vostede pasou por alí? E di que temos que colocar alí? O seu descoñecemento é total. Fala de Sanjurjo Badía, aquí temos seis prazas estratexicamente colocadas e outras tantas nos inmediacións, pero cando tempo hai Sra. Egerique que non pasea vostede por alí?.

Eu sinceramente non entendo a súa moción, pero xa o colmo que fala do entorno do pavillón de Bouzas cando debería saber, vostede mellor que ninguén no Grupo Popular, que corresponde á Autoridade Portuaria, terá que conseguir o teléfono do Sr. López Chávez e chamalo, pero como nos pode vir dicindo que situemos prazas para persoas con mobilidade reducida no entorno do pavillón de Bouzas cando corresponde á Autoridade Portuaria.

En Julián Estévez non había nin unha soa petición de situación de praza, o outro día, non sei si instigada por vostede ou asesorada por vostede, desculpe, que me parece perfecto, houbo unha petición e esa petición vai ser atendida.

O resumo do que nós facemos é moi sinxelo, incremento do 40% das prazas, atención a tódolos cidadáns das prazas que se necesitan, pero voulle dicir o que debe facer o Partido Popular alí onde goberna, recoñecer a incapacidade daquelas persoas que piden a tarxeta de aparcadoiro porque tardan vostedes un ano e medio dende a Xunta de Galicia, e é esta administración municipal a que está propoñendo o tema de autorizacións provisionais para cumprir co que vostedes non están facendo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Veño a intentar solucionar un problema. Veño a petición do colectivo, Sr. Font, porque evidentemente eu non emprego as prazas de persoas de mobilidade reducida e si que teño coñecemento, eu non sei si son suficientes vinte, trinta ou dezaioito na rúa Barcelona pero a xente con mobilidade reducida pide prazas nesas zona, no entorno de POVISA porque se desprazan por aí. Vostede non ten que facer especulación de se eu paseo ou non paseo, eu teño aquí claramente unha moción, solicitamos, o Partido Popular solicita que se realice

o estudo de deseño e de execución, se o estudo de deseño está feito pois executeno.

O máis importante das tres actividades, das tres accións é a execución, o deseño e o estudo son preciosos, as maquetas son moi bonitas, todos o sabemos, execución de prazas de aparcadoiro. Repito, nin alarma, nin nada parecido ao revés, solucionar un problema, e como dixo a Sra. Veloso rectificar e corrixir os erros pois é o que hai que facer nestes casos.

As trabas que había antes de mobilidade agora ten que ser inferior, estamos solicitando que vostedes faciliten a mobilidade, as prazas de estacionamento das persoas con mobilidade reducida.

Non teño porque aguantar aquí que vostede me diga que eu instigo, digo ou non digo, a min os veciños fanme solicitudes ao grupo municipal do Partido Popular, como ao grupo do Bloque Nacionalista Galego e nós facemos unha solicitude, se vostede cre que eu quero facer demagogia ou crear unha alarma na cidade iso é cousa súa, eu non teño obsesión polas humanización, non teño, a min gústame como quedan as flores e como quedan as rúas, a todos nos gusta, por suposto que si, pero hai que corrixir pequenas cousas ou grandes cousas que non están facendo ben, se fan trescentas ou cincocentas obras, pois permítame que lle diga que non todas están ben feitas e non o digo eu, dino moitos vigueses e dino seguramente estas persoas con mobilidade reducida, e moitos barrios, por certo, que non teñen o mesmo tratamento uns que outros.

Todo o que diga vostede de alarma ou no alarma, nós instamos a que vostedes executen ese estudo, xa que di que está feito menos traballo que teñen que facer, e que nas zonas concretas, por petición reiterada dos veciños, nós esiximos que fagan alí as prazas.

Imos votar esta moción e veremos o que sae de aquí.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, instando ao goberno municipal o estudo, deseño

e execución de prazas de estacionamento para persoas de mobilidade reducida, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.(121).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL CONSTITÚA UNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO FUNCIONAMENTO DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 674/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de xuño, número 674/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Nas derradeiras semanas tivemos coñecemento polos medios de comunicación da situación que se está a vivir no Auditorio Mar de Vigo. Semella que o restaurante xa pechou as súas portas por inviabilidade económica, e o hotel está a pasar por un momento preocupante. As mesmas dificultades atravesada a propia concesionaria de eventos para o auditorio.

Dado que o goberno municipal aprobou o ano pasado unha ampliación por 25 anos mais da concesión, e que aportoulle a concesionaria 5 millóns de euros, semella que é o propio alcalde ou o seu goberno os que deben dar as explicacións sobre o que está a acontecer co Auditorio Mar de Vigo.

O auditorio foi una obra reclamada polos vigueses. Un recinto chamado a se converter nun icono da cidade. E agora atravesada por múltiples dificultades, sen que se de explicación algunha.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Vigo insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Que o Concello constitúa una comisión de seguimento do funcionamento do Auditorio para coñecer a situación real da concesión.”

A comisión informativa de Industria, Comercio, Turismo e Pemes, na súa sesión do 17 de xuño, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.-

SR. RELOVA QUINTEIRO: Quería lembrar, antes de empezar esta moción, que presentamos durante estes dous últimos anos en rolda de prensa vinte veces con

este tema do Auditorio Mar de Vigo. Enviamos no último ano dende outubro do 2012 catorce notas de prensa, co cal si que se traballa.

Empezo, Mar de Vigo é unha bomba de relojería a punto de estoupar, prognostica un directivo do Hotel do Auditorio do Mar de Vigo, así comeza a última noticia que puidemos ler na prensa sobre a problemática do Auditorio, non son palabras miñas. Nestes días só nos decatamos polo medios de comunicación dos últimos acontecementos, o silencio preocupante do Alcalde sobre este tema é absoluto. Ata o de agora o Alcalde non se pronunciou sobre a situación que é alarmante, que debuxan as informacións que transcenden sobre esta infraestrutura, co peche do restaurante e a complicada circunstancia que vive o hotel.

Unha incerteza que reflectiron tamén os representantes do sector hoteleiro e tódolos axentes culturais da cidade, inaugurouse en pésimas condicións e tamén cos fins electoralistas, pero a pesares de todo o concelleiro de Cultura, don Cayetano Rodríguez, neste mesmo artigo afirma “é unha situación que observamos con preocupación pero sen perder a tranquilidade”, admiro os seus nervos de aceiro e a súa tranquilidade pero creo que esta actitude non a comparte ninguén, pregunte vostede aos empregados do Auditorio e comprobará que necesitan algo máis que palabras. Cando o Alcalde e o seu goberno decidiron reducir as dimensións do Complexo do Pazo de Congressos, o goberno municipal pregouse ás pretensións da concesionaria e o Grupo Popular xa o advertiu, agora vense as consecuencias daquelas decisións. Para que serviron a achega de 5 millóns de fondos municipais e a ampliación do período da concesión durante vinte e cinco anos máis? Pese a elo o negocio non pode ser máis rendible, á concesionaria perdoáronselle trece millóns de euros coa redución dun 60% da superficie destinada a uso comercial, perdoáronselle outros doce millóns pola redución a unha só planta do aparcadoiro que se incluía no proxecto orixinal. En total vinte e cinco millóns de inversión dos que se liberou á concesionaria, a esta cantidade hai que engadir os 2,5 millóns de euros que custaba o equipamento escénico e que se deixou sen instalar, ademais a Xunta de Goberno compénsalle con outros cinco millóns de euros máis alegando que a redución da superficie fixo inviable a concesión.

En total 32,5 millóns de euros, que si se traducen a pesetas é para darse un susto; e unha ampliación da concesión ata sesenta anos, ademais nada se fixo por

desenvolver urbanisticamente a zona de Beiramar e Jacinto Benavente ao amparo do tirón do Auditorio, que era o Plan xenérico que había para a zona.

Tamén nos preocupa a Auditoría deste funcionamento que a concesionaria está obrigada, de acordo cos termos do contrato, a presentar cada dous anos, o Concello debe de tela e a oposición tería que ter unha copia da mesma para coñecer en detalle o que pasa nesta estrutura. Esta é a perfecta imaxe da cidade estado que o Alcalde soñou, pero máis que unha cidade estado isto é un barco que se afunde e o goberno municipal mira para outra lado.

Falando de soños somos moitos os vigueses que soñamos cun auditorio como o Mar de Vigo, espectacular arquitectura, espectacular colector pero baleiro no seu funcionamento.

O Auditorio está en perigo e polo que coñecemos non está sendo fiscalizado polo concello, pensa nalgún momento o Alcalde dialogar coa oposición municipal sobre este asunto? Tendémoslle a man don Abel Caballero.

Coas informacións que se foron coñecendo durante os últimos meses deberíase ter tomado xa, por parte dos responsables municipais, algún tipo de medida para atallar a situación pero a falla de xestión evidenciase unha vez máis, algo grave debe estar pasando no Auditorio cando o Alcalde nin sequera se pronunciou unha vez en todo este tempo sobre o particular, non se pode estar ocultando información de forma permanente.

O grupo municipal do Partido Popular pídelo por favor ao Alcalde a constitución dunha comisión de seguimento de control da concesionaria do Auditorio Mar de Vigo ante a alarmante situación económica que parece atravesar o complexo. Tanto o goberno municipal e o Alcalde, como a empresa concesionaria teñen que explicar o que ocorre co Auditorio e sobre todo se está en perigo o futuro da instalación.

O Hotel está a punto e pechar e o restaurante xa cesou na súa actividade, é preciso que haxa aclaracións cando antes.

SR. ALONSO PÉREZ: Parece que a foto do ano 1999 do, por desgracia falecido, Sr. Cuiña e o Sr. Príncipe era premonitoria, porque era unha foto na terraza, da pelexa da carreira que o Partido Socialista e o Partido Popular ían a empezar para colgarse medallas na cuestión do Auditorio.

Efectivamente quen fai a adxudicación no ano 2001 é un Alcalde nacionalista Sr.

Lois Pérez Castrillo, pero como case sempre cando antes falamos de Cultura ou falábamos de mobilidade, por certo quería dicirille ao Sr. Araújo Pérez que fixo unha intervención sobre a política do Bloque Nacionalista Galego neste Concello, que seguramente o Sr. Wert houbéralle posto un cero como unha casa porque non coñece a historia do nacionalismo cando ten que xestionar cuestións no goberno municipal, si fixera un repaso seguramente non faría a intervención que fixo e o Sr. Wert suspenderíalle. Porque o que non fai o Bloque Nacionalista Galego é entrar na pelexa ou na loita das medallas e das placas, iso si non o fai o Bloque Nacionalista Galego, quen adxudica a obra é o Sr. Pérez Castrillo no ano 2001.

A partir de aí empeza unha pelexa, cando é a propia inauguración discurso do Sr. Alcalde esta obra é exclusiva do Concello de Vigo e dos vigueses, ven o Sr. Núñez Feijóo isto é produto da colaboración e da achega da Xunta de Galicia, pelexa continua o das placas, aquilo foi delirante, o Concello colocou unha placa, ao Sr. Núñez Feijóo non lle gusta e coloca outra, volven a quitala e colocar outra, claro eu creo que quedaron tan esgotados da pelexa das inauguracións e das placas que despois non fixeron un seguimento do que hai que facer para que as cousas funcionen, o importante non é a inauguración, non é placa, efectivamente está nunha situación de gravidade a situación do Auditorio, xa pechou a cafetería, hai unha ameaza real do Hotel que como saben ten nada máis que unha prórroga de catro meses, do 4 de xuño ao 4 de outubro, a ver que pasa o 4 de outubro. O problema é que non se fan os deberes, todo a contorna do Auditorio está nunha situación de deterioro, iso hai que urbanizalo, ten que ter un entorno diferente. Hai que preocuparse de facer unha programación de Congresos, quedaron sen adxudicar tódolos locais comerciais, todas estas cuestións importantes, cando aparece o problema e lle preguntan ao Alcalde, o Alcalde di que é unha pelexa entre empresas privadas, e non é así, se era importante a inauguración tamén é a viabilidade e o futuro do Auditorio. Polo tanto o Bloque Nacionalista Galego parécenos moi ben que exista unha comisión, un seguimento porque hai un perigo real do que o 4 de outubro peche o Hotel, de que o Auditorio non teña futuro por non ter un seguimento adecuado, por preocuparse soamente da placa, da inauguración e non do futuro dos colectores culturais como é este caso dos Congresos e de cantidade de actividade que se pode facer aí e hai que arranxar a contorna.

Entón o Bloque Nacionalista Galego imos votar a favor da moción.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Sr. Relova, con todo o respecto que sabe que lle teño, eu quero dicirlle que para falar deste tema vostede tería que ter coñecido as interioridades reais do que pasou anteriormente e toda a cultura que hai en todo o proceso. Vostede demostrou que non o sabe ou o quere ocultar e iso é a esencia do que está pasando. Vostede non se esqueza Sr. Relova de que a licitación-adjudicación, todo o proxecto económico financeiro do Auditorio fíxose na época onde gobernaba a Sra. Corina Porro, e iso está escrito, en seis meses coñezo cada un dos papeis que circulan e circularon oficialmente sobre ese tema. Creo que hai xente máis capacitada, por coñecemento, para poder falar deste tema no seu grupo, que realmente podería explicar, ou ao mellor calarse, do que está pasando ou do que pasou.

Fala vostede de cousas que non ten coñecemento, a viabilidade do proxecto do Auditorio está na base de como se adjudicou e licitou, non é certo como di vostede, que se lle dera a empresa eses cartos, fai se en función dun reequilibrio porque o proxecto de execución saíu con outra cantidade diferente e ao Alcalde e a Corporación actual só lle valían dúas posibilidades: unha, anular o concurso e a execución, e polo tanto Vigo estaba condenada a non ter Auditorio ou como actuou, por lealdade institucional. Realmente, para que este proxecto vise a luz houbo que aplicar unha cláusula de reequilibrio económico-financeiro que é o que posibilitou que o proxecto se levase a cabo.

Polo tanto, non foi un capricho de ninguén e moito menos deste goberno o que posibilitou iso, senón que ao contrario, foi algo debido por un proxecto económico-financeiro previo, mal definido e por unhas circunstancias de crise.

Cando se fala realmente de que o Auditorio Pazo de Congressos este en risco, créame que manteño, por mandato do Alcalde, conversas practicamente semanais, incluso o dezasete estiven en Madrid, cos responsables da Concesionaria que son cos únicos que realmente nós temos que ter relación polo pregos, é dicir, o Concello de Vigo relacionase non coas empresas intermediarias ou adjudicadoras dos diferentes espazos non, relacionase por pregos coa concesionaria e niso temos un diálogo permanente. Fíxese vostede na nota de prensa da propia Concesionaria "o complexo segue aberto ao público pese as dificultades existentes na economía

xeral, as restricións de moitas marcas etc.". A vontade da propia Concesionaria en data 16 de maio é de que, non só está aberto senón que siga aberto sen ningún tipo de incerteza máis alá dos problemas puntuais que haxa con empresas ás cales teñen alugados os servizos.

Polo tanto, o Concello non ten nada que ver cos problemas desas empresas que teñen adxudicadas, non é iso como di vostede, nin moito menos, independentemente de que a vontade do Concello é colaborar na planificación cultural que de desenvolve alí, por certo a única xestora do Auditorio que non ten subvención pública e que realmente o Concello quere apoiar a través de programación do propio Concello.

O Auditorio segue aberto e seguirá aberto, non hai ningunha ameaza realmente no momento actual, como demostrou recente e exitoso Congreso de Avogados, onde se puxo en valor o propio Auditorio e a programación que existe para o futuro e para o próximo ano.

Polo tanto, independentemente da situación económica e da crise que é evidente que afecta non hai ningún tipo, nestes momentos, de incerteza sobre a dinámica da concesión do Auditorio como realmente estamos falando cos responsables, o día 17 de xuño estiven co presidente da concesionaria e mantemos ese contacto.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Dixo que non coñezo e que hai persoas, evidentemente, o Sr. Figueroa sabe moito máis que eu de todo isto porque é un gran coñecedor, os coñece moi ben ademais a todos vostedes.

Quería so dicirlle ao Sr. Alonso que o Sr. Araújo ten matrícula de honor no fin de carreira en Enxeñería Industrial e Forestal e ademais becado.

Facendo esta aclaración eu creo que o ten moito máis claro o Sr. Alonso que o Sr. Rodríguez Escudero, chámame a atención que diga que eu non entendo, que non sei, que me estou equivocando e eu é que temos tanta documentación e o único é que ademais eu creo que nunha frase se podería concretar "axeónllanse ante unha concesionaria". Curiosamente pregunto eu a Sra. Caride, do Partido Socialista Obrero Español, votou na Xunta de Galicia a favor da obra.

Eu non dixen nada que puidese molestar, collín moitas cousas dos xornais nas que fan declaracións o propio Sr. Rodríguez Escudero ademais fala de axudas, eu creo que aquí o que realmente pasou e que ademais abandonaron a xestión cultural do

Auditorio en mans de persoas que realmente non teñen nin idea do que é facer acción cultural.

Aquí houbo un erro de entrada moi grande porque previamente á inauguración do Auditorio prometéronse primeiro que ía vir a UNED, que habería unha orquestra, que a biblioteca central, que ía vir o Sr. Aznar, etc. prometéronse moitas cousas que ao final non veu ninguén, ou sexa non se puideron montar cousas, hai espazos baleiros, camerinos sen dotar, escena sen dotar, sen concha acústica, o foso orquestral sen construír, só está o espazo baleiro etc. hai tantas cousas que é unha pena porque en efecto inaugurouse só e simplemente para a foto da famosa placa que, a lembra o Sr. Alonso, e para as eleccións municipais, foi nese momento cando se fixo o tema do Auditorio que é unha pena porque non se debería ter inaugurado porque despois de dous anos aínda segue, primeiro, cunha terrorífica situación económica, e a verdade todo isto cheira igual que en Aqualia, o Auditorio, VITRASA, a recollida do lixo, é unha forma escura de facer política, eu creo que isto tiña que ser o buque insignia da cidade pero converteuse no Auditorio errante que se afunde pouco a pouco como o Titanic.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACORDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, instando ao Concello a constitución dunha Comisión de Seguinte do funcionamento do Auditorio-Pazo de Congressos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.

Non houbo.

5(122).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

*** ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SR. ARAUJO PEREIRA, RELATIVO ÁS DENUNCIAS VECIÑAIS POLA OCUPACIÓN DAS RÚAS POR PARTE DOS FEIRANTES.**

SR. ARAÚJO PEREIRA: Dende hai moitos anos ao chegar a estas datas onde comezan as festas de verán, vese incrementado as denuncias veciñais por ocupación das nosas rúas por parte dos traballadores ambulantes e feirantes. Rogamos, tendo en conta que son cidadáns cos mesmos dereitos e obrigas que calquera, que se solucione este tema habilitando espazos na cidade para que esta xente se poda asentarse para realizar o seu traballo de forma regulada e se redacte unha ordenanza municipal que fixe os criterios mínimos e limitacións do uso destes espazos.

A PRESIDENCIA: Formule a conseguinte moción e contestarémolle.

6(123).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

*** PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO ÁS XESTIÓNS REALIZADAS POLO GOBERNO SOBRE A DEMANDA DE INFORMACIÓN DAS PROPIEDADES DA FUNDACIÓN NOVACAIXAGALICIA.**

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: No Pleno do pasado mes de maio aprobouse por unanimidade unha moción na que se instaba ao Alcalde de Vigo a demandar da fundación NovaCaixaGalicia información detallada das súas propiedades, actividades e postos de traballo na nosa cidade e as accións previstas a curto e medio prazo. A pregunta é que se xestión realizou ata o día de hoxe sobre esta

cuestión, que información pode o Sr. Alcalde trasladar aos grupos municipais sobre a situación da Fundación?.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos moi atentos as pretensións, dalgunha formación política, de levarse a Santiago de Compostela fondos culturais de Vigo, tamén temos coñecemento de que se cesou á anterior xestora que presidía unha persoa da cidade de Vigo, a actual xestora ten dous representantes da Xunta de Galicia e un representante de A Coruña, é dicir, ninguén de Vigo. Estamos esperando que a Xunta de Galicia se dirixa a este Concello, como entidade fundadora de Caixa Vigo, sobre os novos estatutos e o financiamento da Fundación, e reiteramos que non toleraremos que a riqueza cultural se mova da nosa cidade.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVO ÁS ACTUACIÓNS DO GOBERNO NO REFERENTE Á PARTIDA DE AXUDAS DO PLAN SOCIAL CONTRA A CRISE.**

SRA. VELOSO RÍOS: Na convocatoria de axudas con cargo a partida do Plan Social contra a crise de 3.200.000 euros realizáronse dúas convocatorias, a primeira dotada con 200.000 euros destinada a comedores sociais e bancos de alimentos, e a segunda con 2.450.000 euros para atención directa de familias de Vigo. Que pensa facer o goberno local cos 550.000 euros restantes desa partida, por que non se destinaron as axudas para as que están recollidos nos orzamentos municipais?.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Estivemos estudando a posibilidade de adicar parte do Orzamento para comedores escolares e foi aprobada na Xunta de Goberno Local deste venres pasado esta partida para incrementala ao capítulo de 2.450.000 para axudas ás familias.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ, RELATIVO Á SITUACIÓN DAS**

TRABALLADORAS DOS CENTROS CÍVICOS.

SR. ALONSO PÉREZ: Logo da adxudicación do contrato de xestión dos Centros Cívicos municipais e atendendo ás demandas dos usuarios/as destes centros, vai o goberno local garantir a permanencia das traballadoras, que levan prestando o seus servizos durante os nove anos, con moi bos resultados recoñecidos polo propio goberno, por exemplo, no caso da xestión do Banco do Tempo?. Van recibir o Alcalde e o concelleiro de Participación Cidadá aos usuarios/as do Banco do Tempo que solicitaron unha entrevista para trasladarlle a demanda da continuidade nos seus postos das traballadoras dos Centros Cívicos?.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Este é un servizo que está contratado externamente e que xestiona unha empresa porque foi adxudicado desa maneira e agora houbo unha adxudicación nova onde ese prego de adxudicación ten e conta con tódolos informes da Asesoría Xurídica e de Intervención para facelo axustado a lei, iso é o que lle podemos garantir e está a disposición de todo o mundo, calquera outra cuestión destas, vostedes saben que non debe nin pode influír o goberno.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SRA. ALONSO ALONSO, RELATIVO Á SITUACIÓN DAS TRABALLADORAS DOS CENTROS CÍVICOS.**

SRA. ALONSO ALONSO: Ante as recentes queixas dos usuarios dos Centros Cívicos e tamén ante a proposta que fai a nova empresa encargada da contratación do servizo de portería, control de accesos e información ao público nos Centro Cívicos municipais, quere saber por que as actuais traballadoras destes centros, con máis de nove anos de experiencia, non se lle permite ser valoradas polo súa traxectoria recoñecida polos usuarios, de maneira que poidan seguir mantendo os seus postos de traballo. Existe algunha queixa referida ao traballo destas persoas que xustifique a non continuidade no seu posto de traballo?. E por último, por que empregos recentes como o de servizo de limpeza da Casa Consistorial, o de Servizo de Axuda no Fogar, o servizo de Axuda ao Domicilio, o de atención telefónica 010 do Concello, considerouse nos pregos a subrogación e neste caso non. E unha

reprimenda persoal política cara algunha traballadora?.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: A mesma resposta que facía á pregunta do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e só engadir que non son seis as traballadoras, que son catro.

*** PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVO Á COLABORACIÓN NA PRESENTACIÓN DA FESTA DE CARBALLIÑO.**

SRA. CENDÓN ALONSO: O Concello de Carballiño celebra cada ano a festa gastronómica máis importante da nosa comunidade autónoma. O pasado ano a cidade de Vigo recibiu un recoñecemento nesa festa na que acudiron algúns dos concelleiros aquí presentes e que se comprometeron a colaborar na presentación da festa do 2013, nesta cidade de Vigo. En vésperas desta presentación ninguén responde aos teléfonos, ninguén da unha programación e a nosa pregunta é, está previsto algún tipo de actuación para a presentación da Festa os vindeiros días, onde se vai facer esa presentación e cal é a colaboración do Concello de Vigo coa festa de Carballiño do 2013?.

A PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta e catro minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.